

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2023-24



CEIP PLURILINGÜE PALAS DE REI



## ÍNDICE

1.	Datos xerais do centro .....	4
1.1.	Ubicación e entorno .....	4
1.2.	Datos do centro .....	4
1.3.	Instalacións.....	5
1.4.	Equipamento .....	5
1.5.	Profesorado .....	5
1.6.	Alumnado .....	7
2.	Fundamentación da Programación Xeral Anual .....	7
3.	Obxectivos .....	8
4.	Órganos de goberno .....	9
4.1.	Equipo Directivo .....	9
4.2.	Órganos colexiados .....	10
5.	Coordinación Pedagóxica.....	11
5.1.	Profesorado .....	11
5.1.1.	Titores e titoras .....	11
5.1.2.	Mestras especialistas .....	11
5.2.	Coordinación docente.....	12
5.2.1.	Equipos de ciclo .....	12
5.2.2.	Comisión de coordinación pedagóxica .....	18
5.2.3.	Actividades complementarias e extraescolares .....	20
5.2.4.	Equipo de Dinamización da lingua galega .....	22
5.2.5.	Cadro de constitución de equipos e departamentos .....	29
5.3.	Dinamizacións .....	31
5.3.1.	Dinamización TIC e Plan Dixital .....	31
5.3.2.	Plan Anual de Lectura .....	42
6.	Departamento de orientación .....	58
7.	Horarios .....	74
7.1.	Horario xeral do centro .....	74
7.2.	Recreos .....	74
7.3.	Horario do alumnado .....	76
7.4.	Horario titores .....	77
7.5.	Horario mestres especialistas .....	78
7.6.	Disposición horaria do profesorado .....	80
8.	Servizos complementarios .....	81
8.1.	Comedor escolar .....	81



8.2. Transporte escolar.....	81
9. Formación do profesorado .....	82
10. Plan de autoprotección.....	82
11. Avaliacións .....	82
11.1.Avaliación do alumnado .....	82
11.2.Avaliación da PXA.....	83
12. Plan de Convivencia.....	83
13. Libros de texto e material didáctico impreso .....	84
14. Programas e proxectos .....	85
14.1. Proxecto Vida Activa e Deportiva .....	85
14.2. Plambe.....	89
14.3. Proxecto Voz Natura .....	90
14.4. Proxecto Documental Integrado. ....	90
14.5. Plurilingüísmo .....	92
14.6. Proxecto Polos creativos.....	92
15. Escola de nais e pais. ....	93
16. Programación ANPA .....	95



## 1. Datos xerais do centro

### 1.1. Ubicación e entorno

O CEIP Plurilingüe de Palas de Rei atópase situado na Praza da Ulloa, nunha zona educativa onde están tamén a casa da Cultura, a escola infantil e o IES.

É o único CEIP do concello de Palas de Rei polo que acolle a todo o alumnado de infantil e primaria das 43 parroquias que o configuran. Palas de Rei é un concello de tradición agrícola e gandeira, no que o Camiño de Santiago constitúe a base da súa economía, ocupando á maioría da poboación activa.

O centro responde a un entorno socio-económico e cultural medio. O alumnado, igual que a maior parte da poboación viven no medio rural, polo que a lingua maioritaria e máis empregada é a galega

### 1.2. Datos do centro

#### CEIP DE PALAS DE REI

TIPO DE CENTRO	PÚBLICO
DENOMINACIÓN OFICIAL	CEIP PLURILINGÜE DE PALAS DE REI
CÓDIGO DO CENTRO	27014070
ENDEREZO	PRAZA DA ULLOA S/N
CÓDIGO POSTAL	27200
TELEFONO	982870627 / 982870628
e- MAIL	<a href="mailto:ceip.palas.rei@edu.xunta.es">ceip.palas.rei@edu.xunta.es</a>



### **1.3. Instalacións**

O centro consta de dous edificios de dúas plantas. Ten unha pista cuberta, un ximnasio e un parque de xogos; unha zona para infantil cun areeiro e un parque.

No edificio principal na planta baixa: 2 aulas de infantil, comedor, aula de PT, aula de AL, sala do profesorado, Departamento de Orientación e despacho do Equipo Directivo.

A 1ª planta ocúpala 6 aulas de primaria, unha de infantil, aula de música, aula de inglés e aula de desdobres.

En canto ao edificio da entrada, na 1ª planta, encóntranse aulas que habitualmente ocupan ANPA / Concello para actividades extraescolares co alumnado do centro, servizo de madrugadores e ludoteca Municipal. Mentres que a planta baixa está ocupada pola Biblioteca.

Ambos edificios son bastante antigos, polo que as instalacións necesitan constantes reparacións, das que damos conta ao Concello e a Xefatura Territorial.

### **1.4. Equipamento**

Tal e como se ven facendo en cursos pasados, solicitarase novo material e mobiliario da Consellería a principio de curso ou adquirirse por parte do centro.

Seguirase este ano coa renovación dos equipos informáticos.

### **1.5. Profesorado**

O centro conta cun total de 18 mestres/as, os cales teñen todos/as destino definitivo no centro agás o director en comisión de servizos e a Xefa do Departamento de Orientación.

Destes mestres/as 3 son itinerantes:

- Orientación: compartido con Antas.
- Relixión compartida con Antas.
- A.L compartida con Portomarín, co centro base en Palas de Rei



NOME	ESPECIALIDADE	NIVEIS	Materias	TITOR	CARGO
Julio Arias Couso	EF	E.P.	Matemáticas 2º EP. Polos creativos primaria		Dirección, coord. Biblioteca e Polos Creativos
Livia Barreiro Pérez	Infantil	E.I.	Apoio infantil. Música 5º EI. Polos creativos infantil		XE, encargada comedor, coord. PDI
Estrella Blanco Taboada	Primaria	5º	5º EP	5º EP	Coord. 3º ciclo
Sabela Cortiñas Castro	Primaria	6º	6º EP	6º EP	Coord. Edixgal
Susana Diéguez Valladares	Música	E.I. E.P.	Lingua castelá, Lingua Galega 2ºEP. Música 4ºEI, 6ºEI e EP	2º EP	
Rocío Fernández Fernández	Infantil	5º EI	5º EI	5º EI	Secretaria e Coord. TIC
Begoña Ferro Gundín	Infantil	4º EI	4º EI	4º EI	Coord. infantil
M. Carmen Freire Rodríguez	Relixión	Todos	Relixión en EI e EP		
Marta Guerra Ledo	Orientación	Todos			Xefa DO Coord. Benestar e convivencia
M. José Lodos Veiga	EF	Todos	EF en primaria e psicomot. en EI. Proxecto competencial 2ºEP. Apoio 3º EP Ling. castelá		Coord. PVAD Coord. Activ. Complem. e Extraescolares
Lucía López Vázquez	A.L.	Todos			
Begoña Padín Rodríguez	Primaria	1º	1º EP	1º EP	
Mónica Pérez Souto	Primaria	3º, 4º	4º EP. Sección bilingüe en 3º EP e 4º EP	4º EP	Encargada Voz Natura
M. Jesús Rouco Pájaro	Primaria	3º	3º EP	3º EP	Coord. 2º ciclo
Ofelia Rubio Capón	Infantil	6º EI	6º EI	6º EI	
Nuria Sánchez Calvo	L. Estranxeira	Todos	L. Estranxeira en 4º EI, 5º EI. e Primaria. Sección bilingüe en 5º EP e 6º EP		Coord. Plurilingüismo e auxiliar de conversa,
Eva María Teijeiro Lamela	Primaria	1º, 2º, 3º	2º EP: CCNN e CCSS apoio lingua castelá. 3º EP: Lingua Galega. 1º,2º EP: Sección bilingüe 6º EI: Lingua estranxeira		
María Vázquez Guerra	P.T.	Todos			Coord. EDLG Coord. 1º ciclo Secretaria CCP



## 1.6. Alumnado

No presente curso están matriculados no centro un total de **149 alumnos/as**, distribuídos do seguinte xeito:

E. INFANTIL						
4º nivel	5º nivel		6º nivel			
17	16		15		<b>48</b>	
E. PRIMARIA						
1º Nivel	2º Nivel	3º Nivel	4º Nivel	5º Nivel	6º Nivel	
17	18	22	18	15	11	<b>101</b>
TOTAL						<b>149</b>

## 2. Fundamentación da Programación Xeral Anual.

A programación xeral anual do curso escolar 2023 - 2024 está elaborada tendo en conta o Proxecto Educativo e os resultados e conclusións recollidos da Memoria do curso escolar 2022/23, tratando de artellar unha estrutura funcional que garanta o bo funcionamento do entro para este curso que estamos iniciando.

Debemos centrarnos en:

- Mellorar o nivel de comprensión lectora do alumnado, a expresión escrita, o razoamento e o cálculo mental.
- Traballar de xeito colaborativo e manipulativo.
- Poñer en valor as ensinanzas artísticas como medio de expresión e comunicación, de creación, de sensibilidade, e como base de todas as aprendizaxes.
- Traballar a educación emocional: identificar as emocións, expresalas e xestionalas.
- Fomentar a actividade física diaria favorecendo un estilo de vida saudable.
- Contribuír a adquisición de hábitos alimenticios axeitados.
- Organización de actividades complementarias para enriquecer o proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Poñer en funcionamento a escola de nais e pais.



### 3. Obxectivos para o curso 2023 - 2024

1. Potenciar un bo clima de convivencia no centro en referencia a toda a comunidade educativa.

2. Potenciar a atención á diversidade do alumnado establecendo medidas de apoio e propostas de mellora, procurando a resposta educativa máis axeitada ás necesidades particulares de cada alumno/a.

3. Plan de Autoprotección: simulacro.

4. Fomentar o uso das tecnoloxías, aproveitando ao máximo os recursos existentes e adquirindo aqueles que consideremos necesarios. Impartirase en cada nivel de infantil e primaria, cando menos, unha sesión semanal de polos creativos.

5. Promover e potenciar o hábito de lectura no alumnado a través do uso da biblioteca escolar, proxecto lector, etc. Tal e como se recolle no proxecto lector.

6. Facilitar e promover a formación do profesorado.

7. Implicar a pais e nais do alumnado no proceso educativo dos seus fillos. E potenciar a participación das familias na vida cotiá do centro. Posta en funcionamento dunha escola de nais e pais.

8. Atender ás necesidades de equipamento e deficiencias nas instalacións do centro.

As medidas a desenvolver para acadar os obxectivos serán:

1. Dende o centro daranse a coñecer as normas que rexen e fan viable a convivencia na nosa comunidade. Para elo faranse reunións e postas en común para o mellor desenvolvemento das mesmas.

2. O Departamento de Orientación e a CCP establecerán as medidas de apoio e atención á diversidade, analizando o resultado das avaliacións, e en constante coordinación co profesorado titor nas distintas reunións.

3. Reservar dentro do horario lectivo do profesorado espazo para crear reforzos, que nos permitan traballar de forma máis individual.

4. Análise periódico do rendemento académico do alumnado que nos permita introducir medidas correctoras se fose preciso.





5. Seguindo o plan de autoprotección, no 3º trimestre levarase a cabo un simulacro.

6. Na reunión de comezo de curso coas familias, despois da reunión xeral tivo lugar unha reunión por curso, para dar a coñecer as programacións, os obxectivos mínimos para o nivel e os criterios de avaliación, ademais doutras informacións de carácter xeral do curso. Os luns é o horario de atención a familias.

7. Tratarase de favorecer a formación do profesorado informando de todos os cursos, xornadas... que diversas institucións oferten. Durante este curso levaremos a cabo un Plan de Formación do Profesorado centrado en Polos creativos e no traballo por proxectos.

8. O equipo directivo estará pendente das necesidades de equipamento e das deficiencias nas instalación e tramitará as dilixencias oportunas para corrixilas.

9. Adquirir, dentro das nosas posibilidades, material informático para as aulas e para poder renovar o existente.

## 4. Órganos de goberno

### 4.1. Equipo Directivo

HORARIO EQUIPO DIRECTIVO					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	<i>Dirección / Xefatura de estudos</i>	<i>Secretaría</i>	<i>Dirección / Xefatura de estudos / Secretaría</i>	<i>Xefatura de estudos</i>	<i>Dirección / Xefatura de estudos / Secretaría</i>
2ª hora					
3ª hora		<i>Dirección / Xefatura de estudos</i>			
4ª hora	<i>Dirección / Secretaría</i>			<i>Dirección / Secretaría</i>	
5ª hora				<i>Dirección</i>	

- Secretaria: Rocío Fernández Fernández
- Xefa de estudos: Livia Barreiro Pérez
- Director: Julio Alberto Arias Couso



## 4.2. Órganos colexiados

**Claustro:** especificado no apartado 1.5

### Consello escolar

<b>Director:</b> Julio Alberto Arias Couso
<b>Xefa de estudos:</b> Livia Barreiro Pérez
<b>Secretaria:</b> Rocío Fernández Fernández
<b>REPRESENTANTES MESTRES E MESTRAS</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- María Vázquez Guerra</li><li>- Mari Carmen Freire Rodríguez</li><li>- Mónica Pérez Souto</li><li>- Nuria Sánchez Calvo</li><li>- Susana Diéguez Valladares</li></ul>
<b>REPRESENTANTES PAIS/NAIS</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Muriel Méndez Martínez</li><li>- Paula Penas Pérez</li><li>- Ana Barreiro Quintás</li><li>- Montserrat Devesa Busto</li><li>- Monserrat Rivas Castro</li></ul>
<b>REPRESENTANTE PERSOAL LABORAL</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Ana María García Negro</li></ul>
<b>REPRESENTANTE DO CONCELLO</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Rodrigo Rodríguez Penas</li></ul>
<b>COMISIÓN ECONÓMICA</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Julio Alberto Arias Couso</li><li>- Rocío Fernández Fernández</li><li>- Livia Barreiro Pérez</li><li>- Paula Penas Pérez</li></ul>
<b>COMISIÓN DE CONVIVENCIA</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Julio Alberto Arias Couso</li><li>- Livia Barreiro Pérez</li><li>- Rocío Fernández Fernández</li><li>- María Vázquez Guerra</li><li>- Representante ANPA: Muriel Méndez Martínez</li><li>- Representante Persoal non Docente: Ana María García Negro</li><li>- Nai / pai representante do alumnado: Monserrat Rivas Castro</li></ul>



Dentro do Consello Escolar funcionará ademais en asuntos do comedor a **Comisión Económica do Comedor** que estará constituída polos mesmos membros ao ser un dos membros da Comisión Económica encargada de comedor.

Os órganos colexiados de goberno reuniranse cunha periodicidade trimestral, e con carácter extraordinario en todas aquelas outras ocasións que se considere oportuno, para tratar temas de importancia para a boa marcha do centro, tanto a nivel pedagóxico como organizativo e de convivencia.

As reunións ordinarias de ditos órganos, celebraranse nas datas especificadas no calendario.

## 5. Coordinación Pedagóxica

### 5.1. Profesorado

#### 5.1.1. Titores

Begoña Ferro Gundín	4º INFANTIL
Rocío Fernández Fernández	5º INFANTIL
Ofelia Rubio Capón	6º INFANTIL
María Begoña Padín Rodríguez	1º PRIMARIA
Susana Diéguez Valladares	2º PRIMARIA
Mª Jesús Rouco Pájaro	3º PRIMARIA
Mónica Pérez Souto	4º PRIMARIA
Estrella Blanco Taboada	5º PRIMARIA
Mª Isabel Cortiñas Castro	6º PRIMARIA

#### 5.1.2. Mestres especialistas

DESDOBRE 2º EP e 3º EP: Eva Teijeiro Lamela

APOIO INFANTIL: Livia Barreiro Pérez

P.T.: María Vázquez Guerra

LINGUA INGLESA: Nuria Sánchez

MÚSICA E DANZA: Susana Diéguez Valladares

EDUCACIÓN FÍSICA: Mª Josefa Lodos Veiga



RELIXIÓN: (compartida con Antas): M<sup>a</sup> Carmen Freire Rodríguez, imparte no centro os luns, martes e mércores

ORIENTACIÓN: (compartida con Antas): Marta Guerra Ledo, permanece no centro venres alternos e todos os luns, martes e mércores.

A.L.: (compartida con Portomarín): Lucía López Vázquez, imparte no centro os luns, martes, mércores e xoves.

## 5.2. Coordinación docente

### 5.2.1. Equipos de ciclo.

#### EDUCACIÓN INFANTIL:

##### Composición do equipo de infantil:

Begoña Ferro Gundín ( 4º de infantil).

Rocio Fernández Fernández (5º de infantil).

Ofelia Rubio Capón (6º de infantil).

Livia Barreiro Pérez ( apoio de infantil)

Coordinadora: Begoña Ferro Gundín

##### **Número de alumnado por aulas:**

4º de infantil: 17 alumnos.

5º de infantil: 16 alumnos

6º de infantil: 15 alumnos.

**As convocatorias de reunións** son os 2º luns de cada mes.

##### **▪ *Obxectivos do ciclo de Educación Infantil***

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

- Desenvolver as súas capacidades afectivas e emocionais.

- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.



- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.

- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

▪ *Normas de convivencia.*

-Boa acollida e respecto a todo o alumnado por parte dos seus iguais, independentemente do seu sexo, raza ou condición.

-Non se traerán á aulas xoguetes da casa nin lambetadas.

-Polo xeral, as familias non entrarán ás aulas, agás en situación puntuais.

-Como norma xeral, recoméndaselles que os nenos/as veñan ao colexio con roupa cómoda para que lles facilite a súa autonomía.

-Coidado do material, tanto da aula como propio.

-Empregar un ton de voz axeitado á actividade que se estea a desenvolver, atención das explicacións do mestre/a.

-Desenvolver hábitos de cortesía no trato cos compañeiros/as.

-Fomentar hábitos de autonomía, responsabilidade e esforzo persoal.

-Traballar contidos relacionados coa educación en valores e emocións.

### PLAN LECTOR

Traballar a lectura diaria dun conto, historias...

-Conversar e formular preguntas sobre o conto, historias...

-Uso da biblioteca de aula para manipular e coñecer os libros.

-Ler, escoitar e recitar distintos tipos de textos: adiviñas, refráns, rimas,...

-Realizar debuxos, dramatizacións,... sobre un conto, ou outro texto

-Crear contos entre todos.

-Utilizar carteis para diferenciar os distintos espazos da aula.

-Sinalar como obxectivo a adquisición das técnicas de iniciación á lecto-escritura insistindo na colaboración familiar.

-Fomentar hábito lector.

-Programar unha hora semanal na biblioteca do centro.



-Realizar servizo de préstamo de libros.

▪ *Respecto e coidado da contorna.*

- Uso axeitado das instalacións.

-Implicar ao alumnado no respecto polas instalacións do colexio e da súa contorna.

-Inculcar hábitos de saúde, consumo responsable e defensa e coidado do medio ambiente.

▪ *Tecnoloxías da información e comunicación*

-Achegar e iniciar aos alumnos ao manexo das novas tecnoloxías.

-Recoñecemento dos elementos periféricos dos equipos

-Acender e apagar o ordenador.

-Manexo do rato.

-Uso de cursores para moverse pola pantalla.

-Iniciación no manexo e uso dos encerados dixitais.

-Manipulación de cámaras dixitais

-Utilización de software educativos, así como de aplicación, axeitadas a cada idade.

-Xogos online educativos.

-Audición e visionado de contos.

-Colaboración no mantemento da web do centro

▪ *Celebracións e conmemoracións*

-Participar nas distintas actividades do centro (celebracións, conmemoracións, xogos...)

-Actividades de atención educativa.

-Celebración conxunta de aniversarios trimestralmente .

▪ *Colaboración coas familias. Reunións.*

-Xornada de acollida, no mes de xuño, para o alumnado que se incorpora en 4º de Educación Infantil.

-Reunión conxunta coas familias no mes de setembro do ciclo de E.I. para comentar a normativa a seguir durante o curso.



-Faranse outras reunións ao longo do curso para tratar temas puntuais.

-Solicitarase a participación ou colaboración da familias co fin de establecer un vinculo de confianza e diálogo entre familia-escola, binomio que estará marcado por unha actitude de responsabilidade compartida e complementaria na tarefa de educar.

### **Proposta de actividades:**

1º trimestre:

- Visita a Granxa da Veiga :30 de Novembro
- Visita as Lagoas de Cospeito ou Avifauna

2º trimestre:

- Saída a MARCELLE.

3º trimestre:

- Saída: Visita ao Enredo do Abelleiro.
- Saída á Praia.

Ademais das actividades previstas realizaranse ao longo do curso aquelas que xurdan e dean resposta aos intereses do alumnado.

### **PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Este ciclo durante o curso 23/24 está formado polos seguintes grupos:

- 1º de Educación Primaria con 17 alumnos/as
- 2º de Educación Primaria con 18 alumnos/as

O equipo do primeiro ciclo agrupa aos mestres que imparten docencia nestes cursos:

- Julio Alberto Arias Couso
- Susana Diéguez Valladares
- M<sup>a</sup> Begoña Padín Rodríguez
- Eva María Teijeiro Lamela
- María Vázquez Guerra (coordinadora)

As datas das reunións para o presente curso serán as seguintes:

09/10/2023



13/11/2023

15/1/2024

19/2/2024

15/4/ 2024

13/5/2024

Os obxectivos desta etapa de Educación Primaria son os establecidos no artigo 7 do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Prográmanse para o curso 23/24 as seguintes saídas:

Primeiro Trimestre:

- Visita ao pazo de Vilane.
- Visita ao Planetario e o Acuario de A Coruña.
- Visita ao cine en Lugo.

Segundo Trimestre:

- Visita á Granxa Escola de Marcelle.

Terceiro Trimestre:

- Saída á praia.

## **SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

- **Membros:**

- Titoría 3º de Primaria: Mª Jesús Rouco Pájaro (coordinadora).
- Titoría 4º de Primaria: Mónica Pérez Souto.
- Mari Carmen Freire Rodríguez.
- Marta Guerra Ledo.
- Lucía López Vázquez.

- **Alumnado:**

- 3º: 22
- 4º: 19





- **Obxectivos:**

Dende o 2º ciclo contribuírase á consecución dos obxectivos de etapa reflectidos no Decreto 155/2022 de 15 de setembro (artigo 7) .

- **Proposta de actividades complementarias e extraescolares:**

No primeiro trimestre realizarase unha saída a MUVICLA e ao club de billar de Adai no mes de outubro; e no mes de decembro aos museos científicos de Coruña.

No terceiro trimestre realizarase unha saída didáctica á praia de forma conxunta con todo o centro.

Ao longo do curso faranse saídas relacionadas co mar.

- **Reunións**

O equipo de ciclo reunirase nas seguintes datas:

- 5 de setembro
- 9 de outubro
- 13 de novembro
- 15 de xaneiro
- 19 de febreiro
- 15 de abril
- 13 de maio

## **TERCEIRO CICLO PRIMARIA**

Este ciclo está formado por un grupo de 5º con 15 alumnos/as e un grupo de 6º de 11 alumnos/as.

O equipo do terceiro ciclo agrupa a mestres/as do alumnado destes cursos:

- Sabela Cortiñas Castro.
- Mª José Lodos Veiga.
- Nuria Sánchez Calvo.
- Mª Estrella Blanco Taboada (coordinadora).



As datas das reunións para o presente curso serán as seguintes:

9/10/2023

13/11/2023

15/1/2024

19/2/2024

15/4/2024

13/5/2024

Os obxectivos desta etapa de primaria son os establecidos no artigo 7 do decreto 155/2022 do 15 de setembro.

Prográmanse para o curso 23/24 as seguintes saídas :

**PRIMEIRO TRIMESTRE:**

- No mes de outubro, os cursos 5º e 6º acudirán ao club de BILLAR de ADAI (Corgo, Lugo) e a Láncara para visitar o Museo de maquinaria agrícola (MUVICLA).

- No mes de decembro farán una visita cultural a Lugo aproveitando para ver una película no cine.

**SEGUNDO TRIMESTRE:**

-Realizárase una actividade de MULTIAVENTURA programada pola profesora de EF.

**TERCEIRO TRIMESTRE:**

- A totalidade de alumnado do colexio pasará una xornada na praia.

### **5.2.2. Comisión coordinación pedagóxica**

A Comisión de Coordinación Pedagóxica é un órgano de coordinación docente tal e como establece o Decreto 374/1996 do 17 de outubro. Durante o este curso 2023/2024 estará integrada por:

- Director: Julio Alberto Arias Couso.
- Xefa de estudos: Livia Barreiro Pérez.
- Coordinadores de nivel:
  - o Coordinadora de Ed. Infantil: Begoña Ferro Gundín.



- Coordinadora de 1º Ciclo: María Vázquez Guerra.
- Coordinadora de 2º Ciclo: M<sup>a</sup>Jesús Rouco Pájaro.
- Coordinadora de 3º Ciclo: M<sup>a</sup> Estrella Blanco Taboada.
- Xefe do D.O: Marta Guerra Ledo.
- Mestra Pedagogía Terapéutica: María Vázquez Guerra, que actuará de secretaria.
- Mestra Audición e Linguaxe: Lucía López Vázquez.
- Coordinadora do EDLG: María Vázquez Guerra.
- Coordinador do Equipo de Dinamización de Biblioteca: Julio Alberto Arias Couso..

Esta comisión reunirse unha vez ao mes e as datas para o presente curso son:

- 23/10/23
- 20/11/23
- 18/12/23
- 29/1/24
- 26/2/24
- 28/3/24
- 22/4/24
- 27/5/24

Como obxectivos para este curso marcamos os seguintes:

- Favorecer e velar polo bo funcionamento das estruturas organizativas do Centro coordinando os distintos equipos e departamentos.
- Propoñer e/ou canalizar propostas de mellora no ámbito pedagóxico ou de organización e funcionamento do centro.
- Velar pola optimización e a utilización de todos os recursos do centro, tanto humanos como materiais.
- Supervisar a utilización da metodoloxía didáctica axeitada en cada ciclo animando á utilización de novos medios e recursos, procurando que se faga unha boa distribución dos recursos materiais e humanos do Centro.
- Analizar e revisar todos os plans e proxectos do centro para propoñer os cambios necesarios ao claustro.
- Supervisar os criterios para a elaboración dos distintos horarios.



- Fomentar un clima positivo de convivencia no centro a través de propostas ao Consello (Observatorio de convivencia) e ao Claustro.
- Programar actividades que melloren a relación con toda a comunidade educativa e institucións implicadas na educación.

### **5.2.3. Actividades complementarias e extraescolares**

Celebraranse aquelas conmemoracións sinaladas na orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024.

1. Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2023 conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2024: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 17 e o 21 de abril de 2024: Semana do libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

2. De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos



con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

3. Cando algunha das datas a que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións establecidos no artigo 6 desta orde, a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo inmediatamente anterior ou posterior, segundo estableza a programación xeral anual de cada centro.

Para as mencionadas conmemoracións, en conxunto co equipo de dinamización da lingua galega, propóñense posibles actividades tales como:

- Visionado de vídeos e lectura de contos que fomenten o respecto cara o outro xénero, cara o medio ambiente ou cara a muller traballadora coa consecuente reflexión e debate.
- Elaboración de murais.
- Participación en representacións teatrais e musicais, xogos populares, obradoiros...
- Elaboración de contos, poesías, trabalinguas, refráns ...

Ademais das conmemoracións sinaladas anteriormente, dende o centro organizaranse actividades para celebrar:

- O magosto:
  - Recollida de refráns, cantigas, adiviñas ...
  - Xogos populares
  - Celebración do día do peón.
- O Samaín:
  - Decoración de cabazas
  - Lecturas, cancións, vídeos...
- Nadal:
  - Panxoliñas.
  - Concurso de postais de Nadal.
  - Elaboración de murais.
  - Festival de Nadal.
  - Entroido.
  - Fin de Curso.



Para as saídas e visitas no casco urbano, pídese a principio de curso unha autorización.

## 5.2.4. Equipo dinamización da lingua galega

### 1. INTRODUCCIÓN

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do C.E.I.P. de Palas de Rei para o curso 2023/24 está formado polos seguintes membros:

#### **PROFESORADO**

Livia Barreiro Pérez  
M<sup>a</sup> Isabel Cortiñas Castro  
Susana Diéguez Valladares  
Begoña Ferro Gundín  
M<sup>a</sup> Begoña Padín Rodríguez  
Mónica Pérez Souto  
María Vázquez Guerra

#### **PERSOAL NON DOCENTE**

Ana M<sup>a</sup> García Negro

#### **COORDINADORA**

María Vázquez Guerra

Neste curso o actual EDLG propónse continuar a liña trazada nos anos anteriores aínda que modificando aquelas actividades coas que non se obtiveron os resultados que agardábamos e engadindo novas actividades que sexan motivadoras para o alumnado e para o conxunto da comunidade educativa e algunha das que non se realizaron por falta de tempo ou medios.

O labor deste equipo terá presente os seguintes **obxectivos**:

- Implicar ao maior número de membros da comunidade educativa.
- Abrir o centro ao entorno, institucións e asociacións culturais.
- Traballar en coordinación cos distintos equipos e dinamizacións do centro.



- Conseguir un proxecto flexible e aberto ao longo do curso, deixando a posibilidade dunha continua avaliación que permita engadir novas actividades e propostas que poidan xurdir.

## 2. **ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO:**

Seguindo os cuestionarios elaborados pola Xunta de Galicia e que obtivemos no libro “A Planificación lingüística nos centros educativos” realizamos durante o mes de setembro a recollida de información, obtendo os seguintes resultados:

### 2.1. Contexto socio-lingüístico do centro:

Lingua habitual dos fogares:	Predomina o galego
Lingua habitual nas interaccións comunitarias.	Predomina o galego
Lingua empregada polo Concello na comunicación cos administrados:	Predomina o galego
Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno:	Predomina o galego

### 2.2. Situación do profesorado:

Lingua habitual do profesorado:	Predomina o galego
Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente:	Media
Disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada:	Boa
Actitude do profesorado cara a utilización do galego no ámbito educativo:	Moi favorable
Actitude do profesorado cara a normalización social do galego:	Moi favorable

**2.3. Situación do alumnado:**

Lingua habitual do alumnado:	Predomina o galego
Lingua habitual da súa familia:	Predomina o galego
Lingua usada polo alumnado no ámbito escolar:	Predomina o galego
Competencia comunicativa en galego que traen da etapa anterior:	Boa
Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo:	Moi favorable
Actitude do alumnado cara á normalización social do galego:	Moi favorable

**2.4. Ambientalidade lingüística do centro:**

Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc:	Plena
Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións:	Ampla
Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais:	Ampla
Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro:	Ampla
Emprego da lingua galega por parte da ANPA:	Ampla
Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares:	Ampla
Dotación de fondos en galego na biblioteca:	Aceptable
Presenza da lingua galega na utilización das TIC:	Aceptable
Visibilidade nas accións do EDLG:	Moderada





### 3. **OBXECTIVOS**

- Valorar a lingua de Galicia, facendo uso dela con normalidade en todas as situación comunicativas, adoptando una actitude respectuosa perante a intervención dos outros interlocutores.
- Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito, por parte de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Impulsar a plena normalización lingüística e cultural do contorno no que se atopa o centro.
- Manter o galego como lingua de relación normal entre os diferentes membros da Comunidade Educativa, así como a lingua de uso habitual en todo tipo de actos oficiais e públicos.
- Fomentar a lectura en lingua galega, con especial incidencia na literatura dos nosos días e nos nosos autores.
- Utilizar as bibliotecas (de aula, centro) como fontes privilexiadas de diversión e información.
- Procurar o incremento, en calidade e cantidade, da correcta expresión oral e escrita do alumnado.
- Animar aos nenos e nenas a que escoiten música galega, así como promover o gusto polo teatro, filmes ou vídeos en lingua galega.
- Contribuír á normalización lingüística e cultural das distintas materias do currículo de Educación Infantil e Educación Primaria, coordinando o labor normalizador que poidan realizar os distintos equipos docentes .
- Potenciar a conservación do noso patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores .
- Coñecer máis e mellor a Galicia e á nosa comarca, facendo especial fincapé en personaxes ilustres, escritores/as, festas tradicionais .
- Propoñer a elaboración e difusión de materiais que contribúan ao avance na normalización no eido do ensino e na sociedade en xeral.
- Contribuír á recuperación dos xogos populares galegos, xa que son parte fundamental da cultura do noso pobo.
- Coñecer e diferenciar as linguaxes e os soportes dos diferentes medios de comunicación, razoando a súa importancia na configuración das preferencias e das opinión persoais.



- Recoller textos da tradición oral, manifestacións da propia cultura, valorándoos e identificando as claves da expresividade popular ; recoñecendo as distintas formas que presenta (lendas, contos, romances, refráns, adiviñas...)
- Fomentar o uso do galego na aplicación de actividades das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Ampliar a dotación lingüística do centro en galego (libros, material de xogos populares..).
- Fomentar o uso do galego na aplicación de actividades das novas tecnoloxías da información e comunicación.

#### **4. ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO CONTINUADO**

- Elaboración de propostas para a Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión no Concreción Curricular.
- Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e cos Equipos involucrados no deseño de estratexias que conduzan á plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes doutras comunidades.
- Proporcionar materiais didácticos en galego ou sobre Galicia que poidan ser utilizados nos distintos niveis e nas distintas materias do currículo.
- Ampliar as bibliotecas de aula e do centro con libros en lingua galega, e preferiblemente de autores galegos.
- Adquirir materiais informáticos en galego como libros dixitais, materiais interactivos e outros de interese para potenciar o uso do galego nas novas tecnoloxías.
- Invitar ao centro a algún autor/a galego/a, dos que os nenos/as teñan lido algunha obra.
- Organización dun concurso de carteis e lemas alusivos ao uso da lingua.
- Produción de mensaxes orais a partir de modelos preexistentes na literatura oral popular, refráns, ditos, lendas, contos...
- Participar en festas, xogos, costumes populares do noso contorno.



- Coñecer e usar a nosa lingua dunha maneira espontánea a través dos xogos populares.
- Organizar un concurso de deseño de postais do Nadal con texto en galego.
- Recollida de textos de tradición oral galega: refráns, contos, cantigas, etc. Publicación dos mesmos.
- Recompilar información sobre os xogos populares e práctica dos mesmos.
- Adquisición de materiais para a práctica de xogos populares.
- Taboleiro da Lingua, espazo destinado á exposición pública de todos aqueles temas de actualidade sobre a lingua.
- Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua.
- Publicación de bibliografía sobre as novidades editoriais en galego .
- Fomentar o uso da biblioteca escolar con préstamos de libros.
- Levar a cabo una campaña de animación á lectura en galego nos distintos niveis educativos.
- Continuar na biblioteca do centro co recanto de creación literaria: contos, poesía, teatro, para que os alumnos/as compartan as súas creación cos demais nenos e nenas do centro.
- Convocar certames literarios dirixidos tanto a alumnado como ao resto da comunidade educativa.
- Ter ben dotada de materiais audiovisuais a fonoteca e a mediateca do centro.
- Programar actividades para a celebración das Letras Galegas e celebración dos maíos.
- Participar da actuación dalgún contacontos, de representacións teatrais e musicais.
- Actuación como contacontos e monicreques do alumnado dos niveis superiores para os máis pequenos.
- Actuacións de contacontos por parte de familiares do alumnado.
- Preparar e elaborar diferentes materiais didácticos utilizando as TIC.
- Visitar centros e lugares de interese cultural: capelas, pontes, ríos..



- Elaboración dun folleto informativo a cerca da significación e o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.
- Levar a cabo un Proxecto Documental Integrado (PDI) sobre o Desenvolvemento Sostible
- Levar a cabo o proxecto Fitofaladoiro co obxectivo de fomentar a toma de conciencia na biodiversidade de Galicia.

#### **4.1 ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO PRIMEIRO TRIMESTRE**

- Participar nos obradoiros sobre a violencia de xénero, organizados polo concello.
- Poñer en marcha a través do equipo de biblioteca unas mochilas viaxeiras no primeiro ciclo de primaria, con libros axeitados ao alumno e aos adultos das familias.
- Celebrar o Día das Escritoras cunha pequena exposición no centro.
- Celebrar o Día da Biblioteca
- Celebrar o magosto
  - Participar en distintos xogos populares .
  - Campionato do peón por cursos : gañará o que o baile máis tempo.
  - Asado e degustación de castañas.
  - Elaborar carteis con textos referentes á castaña e ao xogo do peón.
- Celebrar o Mes da Ciencia
  - Exposición de experimentos por parte dos diferentes cursos.
- Celebrar o Nadal:
  - Organizar un concurso de postais do Nadal.  
Cada curso elixirá unha gañadora que servirá de felicitación oficial do centro. Os cursos de E. Infantil farano conxuntamente.
- Elaborar un folleto de recomendacións bibliográficas para os agasallos de Nadal.



- Organizar actuacións de contacontos con persoas maiores do contorno.

#### 4.2. ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO SEGUNDO TRIMESTRE

- Celebrar o Día da Paz..
- Celebrar o Entroido:
  - Deseño de disfraces e elaboración dun mural.
  - Composición de “murgas ou coplas” e interpretación das mesmas en público.
- Traer algún escritor e ilustrador galego para animación á lectura.
- Celebrar o Día do Libro.
- Creación dun herbario e dun dossier sobre a fauna común da contorna.

#### 4.3. ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO TERCEIRO TRIMESTRE

- Elaborar un folleto informativo acerca da significación do autor/a homenaxeado/a no Día das Letras Galegas.
- Organizar actividades e actos para a celebración das Letras Galegas 2024 e Maíos
- -Participación en actuacións musicais por parte de institucións do concello e da comarca da Ulloa.
- Convocar un certame de contos destinado á familia dos alumnos.

Todas estas actividades publicaranse na web do colexio.

#### 5.2.5. Cadro de constitución dos equipos e dos departamentos.

EQUIPOS	MEMBROS	COORDINACIÓN
Infantil	Livia Barreiro Pérez Rocío Fernández Fernández Begoña Ferro Gundín Ofelia Rubio Capón	Begoña Ferro Gundín
1º Ciclo EP	Julio Arias Couso Susana Diéguez Valladares Begoña Padín Rodríguez Eva María Teijeiro Lamela María Vázquez Guerra	María Vázquez Guerra



<b>2º Ciclo EP</b>	<b>Mari Carmen Freire Rodríguez</b> <b>Marta Guerra Ledo</b> <b>Lucía López Vázquez</b> <b>Mónica Pérez Souto</b> <b>Mª Jesús Rouco Pájaro</b>	<b>Mª Jesús Rouco Pájaro</b>
<b>3º Ciclo EP</b>	<b>Estrella Blanco Taboada</b> <b>Sabela Cortiñas Castro</b> <b>Mª José Lodos Veiga</b> <b>Nuria Sánchez Calvo</b>	<b>Estrella Blanco Taboada</b>
<b>Dinamización da Lingua Galega</b>	<b>Livia Barreiro Pérez</b> <b>Sabela Cortiñas Castro</b> <b>Susana Diéguez Valladares</b> <b>Begoña Ferro Gundín</b> <b>Begoña Padín Rodríguez</b> <b>Mónica Pérez Souto</b>	<b>María Vázquez Guerra</b>
<b>Actividades Complementarias e Extraescolares</b>	<b>Estrella Blanco Taboada</b> <b>María José Lodos Veiga</b> <b>Lucía López Vázquez</b> <b>Mª Jesús Rouco Pájaro</b> <b>Ofelia Rubio Capón</b>	<b>María José Lodos Veiga</b>
<b>Comisión de Coordinación Pedagóxica</b>	<b>Director: Julio Arias Couso</b> <b>Xefa de Estudos: Livia Barreiro Pérez</b> <b>Coord. Infantil: Begoña Ferro Gundín</b> <b>Coord. Ciclos Primaria:</b> <b>- María Vázquez Guerra</b> <b>- Mª Jesús Rouco Pájaro</b> <b>- Estrella Blanco Taboada</b> <b>Orientadora: Marta Guerra Ledo</b> <b>Mestra PT: María Vázquez Guerra</b> <b>Mestra AL : Lucía López Vázquez</b> <b>Coord. Biblioteca: Julio Arias Couso</b> <b>Coord. EDLG: María Vázquez Guerra</b>	<b>Secretaria:</b> <b>María Vázquez Guerra</b>
<b>Departamento Orientación</b>	<b>Orientadora: Marta Guerra Ledo</b> <b>Xefa de Estudos: Livia Barreiro Pérez</b> <b>Mestra PT: María Vázquez Guerra</b> <b>Mestra AL : Lucía López Vázquez</b> <b>Coord. Infantil: Begoña Ferro Gundín</b> <b>Coord. Ciclos Primaria:</b> <b>- María Vázquez Guerra</b> <b>- Mª Jesús Rouco Pájaro</b>	<b>Marta Guerra Ledo</b>



	- Estrella Blanco Taboada Directora centro adscrito (Antas de Ulla)	
<b>Biblioteca</b>	Julio Arias Couso Livia Barreiro Pérez Rocío Fernández Fernández M <sup>a</sup> Carmen Freire Rodríguez Marta Guerra Ledo Nuria Sánchez Calvo Eva María Teijeiro Lamela María Vázquez Guerra	Julio A. Arias Couso
<b>Plan Dixital</b>	Julio Arias Couso Livia Barreiro Pérez Rocío Fernández Fernández Mónica Pérez Souto María Vázquez Guerra	Rocío Fernández Fernández

### 5.3. Dinamizacións

#### 5.3.1. Dinamización TIC e Plan Dixital

##### DINAMIZACIÓN TIC

##### • OBXECTIVOS

##### *Obxectivos xerais do centro en relación ás TIC:*

- Potenciar o emprego das tecnoloxías como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza aprendizaxe.
- Implicar ao profesorado na utilización das TIC na medida das súas posibilidades.
- Actualizar e dinamizar o noso sitio web con novos contidos para favorecer a comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa, administración e con outros centros. Empregando esta ferramenta, tamén, como canle de información das actividades realizadas.
- Tratar de introducir as TIC en distintas situacións relacionadas con actividades docentes como poden ser fotografías, tarefas do alumnado...



- Empregar a aula virtual do centro como complemento ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### ***Obxectivos para o alumnado:***

- Familiarizar ao alumnado co uso do ordenador.
- Coñecer as súas partes fundamentais: rato, teclado, monitor, impresora, altosfalantes,...
- Traballar as destrezas básicas: manexo do rato (premer, arrastrar...), escritura de textos sinxelos en Word, seleccionar elementos dentro dos programas utilizados, etc.
- Fomentar a consecución de destrezas mínimas no manexo do computador: acender e apagar, entrar e saír dos programas, minimizar/restaurar, abrir e fechar xanelas, ...
- Potenciar a consecución de destrezas máis complexas: impresión de documentos, gardar documentos, quitar e poñer o CD, pen-drive, ...
- Familiarizar ao alumnado co uso do encendido dixital e as tabletas.
- Traballar a coordinación óculo-manual, a motricidade fina, a atención e a autonomía.
- Recoñecer internet como medio para obter información.
- Fomentar a colaboración e compañeirismo no uso dos medios dispoñibles (compartir os computadores, respectar as quendas, axudar aos compañeiros...).
- Traballar contidos das áreas instrumentais mediante os soportes informáticos das mesmas
- Desenvolver a creatividade nos traballos realizados.
- Elaborar pequenos traballos para datas concretas empregando recursos dixitais.
- Afianzar destrezas para o uso da aula virtual do centro de xeito autónomo a partir de terceiro de primaria.

### ***Obxectivos para o profesorado***





- Aprender a utilizar o ordenador mediante cursos de formación, traballo diario coas novas tecnoloxías...
- Empregar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización, da información que delas poida sacar, e da formulación pedagóxica que para elas teña.
- Empregar os ordenadores para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas...
- Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais, como de temas interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, e participar en actividades relacionadas coas novas tecnoloxías.
- Favorecer a participación do profesorado na creación e evolución da páxina Web do Centro, dando a coñecer as nosas inquietudes, ideas e alternativas.
- Desenvolver no alumnado o uso das tecnoloxías dun xeito o máis autónomo posible.
- Formarse no uso e funcionalidades da aula virtual do centro de trasladar o coñecemento ao alumnado e ás familias.

### **ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS TIC**

Todas as están dotadas dun ordenador para o profesorado e nas aulas de educación primaria dous ordenadores de sobremesa para o uso do alumnado.

Durante o presente curso o centro incorpórase a rede de centros Edixgal no 6º curso de educación primaria, e mantense en 5º de educación primaria.

Asemade, o centro participa no programa de innovación educativa “Polos Creativos”, polo que se crearon na biblioteca de espazos abertos para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas. Espazos que están dotados de equipación especializada en robótica, croma, radio, impresión 3D, taboleiro interactivo, ordenadores, tablets... e que complementan notablemente os recursos dispoñibles favorecendo un desenvolvemento integral do alumnado, que lle axuda a superar os retos tecnolóxico e dixitais.



Durante este curso, establécese unha sesión semanal fixa no horario de cada curso para o aproveitamento específico dos devanditos recursos.

### ***Materiais***

- 33 ordenadores de sobremesa e 7 computadores portátiles. Distribúense nos diferentes espazos do centro: despacho equipo directivo, sala de mestres, aula de traballo, departamento de orientación, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, relixión, aula de inglés, de música, aula de desdobre, biblioteca, radio e aulas (todas as aulas de educación primaria contan cun ordenador na mesa do profesorado e dous para o uso do alumnado)
- 26 portátiles para o uso do alumnado de 5º e 6º de educación primaria tras a súa incursión no programa Edixgal.
- 5 pantallas interactivas situadas nas aulas de educación infantil e 1º e 2º de educación primaria.
- 7 EDIs, ubicadas nas aulas de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria, así como na aula de lingua estranxeira, música e aula de desdobre.
- 15 tablets.
- 22 ordenadores portátiles.

### • **METODOLOXÍA**

O método de traballo empregado será activo e de uso directo co computador e pantallas dixitais/interactivas. Preténdese con isto que o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe, que vaia pouco a pouco gañando en autonomía e que respecte e valore o traballo en grupo. Tamén se busca que os nenos e nenas asocien e valoren o computador como ferramenta de traballo.

#### ***Programas empregados***

Algúns dos programas que imos a empregar ao longo do curso son:

- Páxinas de recursos educativos.
- Quizz, Canva, word, paint, Smartnotebook, Scratch.

### • **AVALIACIÓN**

Este proceso debe ser periódico e permanente, e permitiranos coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, innovacións que podemos aportar,



resultados dos logros acadados, dificultades atopadas,...no desenvolvemento do plan das TIC.

A avaliación será continua ao longo de todo o curso e baseada, fundamentalmente, na observación directa por parte do mestre. Dependendo da idade de cada alumno, avaliarase a consecución dos obxectivos formulados de maneira diferente. Os alumnos de menor idade deberán adquirir, cando menos, os obxectivos relacionados co uso correcto do rato e os que teñen que ver coas actitudes cara o traballo en grupo, atención... Os nenos e nenas de primaria deberán ser capaces, ao remate do curso, de manexar con soltura os programas traballados. Tamén se pretende que estean o suficientemente familiarizados co uso do computador e do encerado dixital como para ser capaces de amosar certa autonomía no uso dos mesmos.

En canto á participación do profesorado valorarase na correspondente memoria de fin de curso.

O resultado destas actuacións permitiranos introducir modificacións na asignación de recursos materiais e software, cambios nas características do plan e, en definitiva, manter un plan vivo que se adecúe á singularidade da nosa comunidade educativa.



## **PLAN DIXITAL 2023/24**

### **• EQUIPO**

O equipo para o Plan Dixital de centro está composto polos seguintes membros:

- Julio Alberto Arias Couso
- Livia Barreiro Pérez
- Rocío Fernández Fernández (coordinadora)
- María Vázquez Guerra

### **• INTRODUCCIÓN**

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

-Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación modificada pola lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro.

- Artigo 11 e artigo 14 da orde 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022.

O Plan Dixital integrarase no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual. Contribuirá marcando obxectivos específicos, de cara á consecución dunha mellora dixital do centro, empezando por un impulso na competencia vencellada ás tecnoloxías, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado. Asemade, tratarase que o PD aporte un enfoque sobre o aproveitamento máximo das posibilidades dos recursos dixitais dispoñibles no centro.

Dende o curso 2019/2020 o centro vén de participar en distintas liñas de traballo dentro do PFPP encamiñadas á análise da competencia dixital, actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes, recursos dixitais para



a aula virtual, radio escolar e robótica. A tendencia do claustro é de seguir formándose neste senso para mellorar o seu coñecemento e competencia dixital.

No curso 2023/24 co centro participará no proxecto E-Dixgal en 5º e 6º de educación primaria.

Para a elaboración do Plan Dixital de Centro creouse un grupo de traballo que se foi reunindo periodicamente para a realización e posta e común dos distintos apartados do plan: enquisas, SELFIE, informe DAFO, plan de acción... Dende o curso 2023/24 o Plan Dixital será actualizado e revisado polo equipo de dinamización do devandito plan.

Todo isto, baixo a orientación e pautas marcadas pola mentora Adix da zona.

#### • CONTEXTO DAFO

Os instrumentos de recollida que se empregaron para a elaboración do DAFO foron o informe SELFIE (para cada unha das oito áreas que recolle) e o Test de Competencia Dixital Docente.

INTERNO			
DAFO	Descrición	Categoría	Obxectivos
Debilidade	F. Pouca utilización de ferramentas de gamificación na aula	Alumnado	Si
Debilidade	H7. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando as tecnoloxías	Alumnado	Non
Debilidade	G1. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.	Alumnado	Non
Debilidade	B. Escaso traballo cooperativo en redes por parte do profesorado	Persoal docente	Non
Debilidade	C. Insuficiente formación do profesorado en competencia dixital.	Persoal docente	Non
Debilidade	E3. Creación escasa de recursos dixitais.	Persoal docente	Si
Debilidade	E3. Uso insuficiente da aula virtual do centro	Persoal docente	Si



Fortaleza	E4 Boa comunicación coa comunidade educativa ( Abalar móbil, páxina web, redes sociais...)	Familias	Non
Fortaleza	C2/C8 Dispoñemos de dispositivos dixitais para o proceso de ensino aprendizaxe (mercados polo centro e Polos Creativos)	Infraestruturas	Si
Fortaleza	F. Impartirase unha sesión semanal con recursos dos Polos creativos.	Organización de centro	Si
Fortaleza	A3. Empregamos novas modalidades de ensinanza	Organización de centro	Non

<b>EXTERNO</b>			
<b>DAFO</b>	<b>Descrición</b>	<b>Categoría</b>	<b>Obxectivos</b>
Ameaza	C1. Non están actualizadas as redes (conexión)	Administración educativa	Non
Ameaza	C. Lentitude por parte da administración respecto da atención de avarias e dotación/renovación de equipamento tecnolóxico	Administración educativa	Non
Oportunidade	F3. Solicitud de diferentes plans e proxectos: biblioteca creativa, radio na biblioteca, E-Dixgal...	Administración educativa	Non
Oportunidade	D. Participación en diferentes liñas do PFPP	Administración educativa	Si

A partir da análise DAFO establécense unha serie de áreas prioritarias para o centro en función das debilidades e ameazas detectadas. Por tanto, os obxectivos que queremos acadar contribuirán a mellorar a capacidade dixital durante o curso académico.

Estas áreas prioritarias de mellora están en relación coas do marco DigCompOrg, e que para o noso centro serán as relativas, principalmente, a:

- Competencia dixital de persoal e alumnado.
- Utilización de recursos do centro.



-Infraestrutura dixital.

• **OBXECTIVOS**

<b>OBXECTIVO</b>			
O01PD Favorecer a formación do profesorado solicitando PFPP sobre Polos Creativos			
INDICADOR: Porcentaxe de profesorado que participa no PFPP			
Valor inicial: O 40% do profesorado participa na formación		Valor previsto: O 70% do profesorado participa na formación	
<b>Acción</b>	<b>Responsable</b>	<b>Data prevista</b>	<b>Destinatarios</b>
AO1.1. Facer a solicitude coa aprobación do Consello Escolar.	Dirección do centro	21/12/2023	Profesorado
AO1.2. Incorporar ao proceso de ensino aprendizaxe os recursos proporcionados na formación	Equipo docente	30/06/2024	Alumnado

<b>OBXECTIVO</b>			
O02PD Empregar os recursos dispoñibles no centro vencellados aos Polos Creativos.			
INDICADOR: Porcentaxe de profesorado que emprega os recursos que ofrece os Polos Creativos			
Valor inicial: O 20% do profesorado emprega os recursos dos Polos Creativos		Valor previsto: O 70% do profesorado emprega os recursos dos Polos Creativos	
<b>Acción</b>	<b>Responsable</b>	<b>Data prevista</b>	<b>Destinatarios</b>
AO2.1. Motivación do profesorado para introducir os recursos dos	Equipo directivo	01/10/2023	Profesorado



Polos Creativos na práctica docente.			
AO2.2. Introducir no horario de cada titoría unha sesión semanal para o traballo específico cos recursos dos Polos Creativos.	Equipo directivo	01/10/2023	Profesorado
AO2.3. Adicar unha sesión semanal, como mínimo, ao emprego dos recursos dos Polos Creativos.	Equipo docente	21/06/2021	Alumnado

<b>OBXECTIVO</b>			
O03PD Fomentar o uso da aula virtual do centro			
INDICADOR: Porcentaxe de profesorado que emprega a aula virtual do centro			
Valor inicial: O 50% do profesorado emprega a aula virtual do centro		Valor previsto: Manter que o 50% do profesorado emprega a aula virtual do centro	
<b>Acción</b>	<b>Responsable</b>	<b>Data prevista</b>	<b>Destinatarios</b>
AO3.1: Motivación do profesorado da importancia da AV como complemento e recurso para o proceso de ensinanza-aprendizaxe.	Equipo directivo	20/10/2023	Profesorado
AO3.2: Actualizar curso dentro da AV con recursos para o profesorado	Coordinadora Plan Dixital	30/12/2023	Profesorado
AO3.3: Emprego da AV por parte do profesorado	Equipo docente	22/06/2024	Alumnado





<b>OBXECTIVO</b>			
O04 Incrementar o benestar dixital do alumnado.			
INDICADOR: Grao no que se incrementa o benestar dixital do alumnado.			
Valor inicial: O 10% do alumnado é consciente do que representa o benestar dixital.		Valor previsto: O 50% do alumnado é consciente do que representa o benestar dixital.	
<b>Acción</b>	<b>Responsable</b>	<b>Data prevista</b>	<b>Destinatarios</b>
AO4.1. Sensibilizar ao alumnado sobre o benestar emocional, sendo conscientes de como os recursos dixitais afectan ao noso benestar mental, físico, social e emocional.	Equipo docente	30/10/2023	Alumnado
AO4.2. Participar en obradoiros e charlas destinadas ao uso correcto de redes, ciberseguridade, Plan Director ou aquelas outras vencelladas ao benestar dixital.	Equipo docente	22/06/2024	Alumnado
AO4.3. Asesoramento mediante charlas a través da Escola de nais e pais sobre uso responsable das redes sociais, videoxogos...	Equipo directivo	22/12/2023	Familias e profesorado

- **SEGUIMENTO**

-O Plan Dixital terá un seguimento mensual por parte dos membros do equipo.



-Trimestralmente, o profesorado será informado do estado de cumprimento dos obxectivos.

- **AVALIACIÓN**

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, realizarase dende dous contextos:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

- **DIFUSIÓN**

-O Plan Dixital será presentado, para a súa aprobación, ao Claustro e ao Consello Escolar e formará parte da PXA do centro.

-O plan dixital publicouse na páxina web do centro para deixalo a disposición de toda a comunidade educativa, sendo as familias do alumnado informadas a través da aplicación AbalarMóbil.

### **5.3.2. Plan Anual de Lectura.**

**1. Consideracións iniciais.**

**2. Obxectivos. Fundamentación.**

**3. Sinais de identidade: a nosa mascota, pasaporte lector...**

**4. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro.**

**5. Tipo de organización e funcionamento previsto.**

**6. Horario: atención específica, equipo de biblioteca, titorías e especialistas, gardas de recreo.**



## 7. Actividades programadas e temporalizadas.

## 8. Seguimento e avaliación.

### 1. Consideracións iniciais.

Durante as primeiras semanas de setembro colocaranse os recursos existentes para que sexa máis fácil o seu uso polo alumnado. Ao longo do curso continuarase coa renovación de fondos bibliográficos e novas adquisicións de materiais informáticos.

Comezaremos coa catalogación a través de koha.

A Biblioteca contará co seu propio horario e todos os grupos terán un mínimo dunha hora semanal na biblioteca para a realización das diferentes actividades e para facer o préstamo e devolución de recursos.

O Equipo de Biblioteca tamén conta con horario asignado para labores propias do cargo.

### 2. Obxectivos. Fundamentación.

Pretendemos que a nosa biblioteca sexa un centro de recursos de información, de lectura e de aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro e ao mesmo tempo que sexa un medio de compensación social en evolución cara un centro creativo das aprendizaxes.

Buscamos que o alumnado acade o desenvolvemento das competencias e adquira unha educación integral.

## OBXECTIVOS XERAIS

### ■ PROFESORADO

- Apoiar ó alumnado con Necesidades Educativas Específicas. (NEE).
- Potenciar a comunicación e coordinación entre todo o profesorado e o resto da comunidade educativa.
- Fomentar o ritmo de traballo sistemático.
- Realizar actividades de formación de usuarios de biblioteca (novo alumnado e profesorado) e os seus recursos.



- Integrar as fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- Contribuír á mellora dos procesos de ensinanza e aprendizaxe e a adquisición das competencias claves do alumnado.

### ■ ALUMNADO

- Espertar a súa sensibilidade e curiosidade.
- Apoiar o proceso de ensinanza –aprendizaxe.
- Integrar a cultura impresa e dixital.
- Estimular a imaxinación.
- Desenvolver un espírito crítico cara a sociedade e ao medio ambiente que o rodea.
- Capacitalo para acometer o futuro, desenvolvendo a súa autonomía.
- Desenvolver comportamentos correctos dentro dunha comunidade:
  - Respecto aos compañeiros, á diversidade.
  - Coidado de libros, mobiliario, equipamentos e instalación.
  - Autodominio de impulsos.
  - Participación nas diversas actividades e obradoiros.
- Tratamento de lectura comprensiva en todas as áreas curriculares.
- Desenvolver as habilidades e competencias clave.
- Achegar os distintos soportes e formatos en que se transmite a información: Alfabetización múltiple.
- Educar para a competencia informacional e mediática.
- Acceder de forma igualitaria ós recursos culturais.
- Biblioteca inclusiva

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### ■ ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA

- Establecer normas de funcionamento e utilización dos espazos, materiais e distintos recursos.
- Establecer horarios de apertura, de préstamo, de gardas de profesorado e de alumnado voluntario para o tempo de lecer.
- Crear ambientes axeitados para fomentar a lectura.
- Centralizar e xestionar todo o material do centro a través da biblioteca.



- Clasificar e catalogar os fondos da biblioteca seguindo a CDU que adaptaremos ao noso centro.

### ■ FORMACIÓN DE USUARIOS

- Integrar as fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- Capacitar ó alumnado no manexo de todas os fondos documentais, axudando ao desenvolvemento da súa autonomía.
- Desenvolver comportamentos correctos e de colaboración:
  - Respecto aos compañeiros/as e á súa diversidade.
  - Respecto ao coidado dos materiais, recursos e instalación.

### ■ EDUCACIÓN DOCUMENTAL

- Facilitar ao profesorado información sobre as TIC.
- Proporcionar instrumentos ao profesorado para que poida desenvolver a súa labor titorial con maior facilidade.
- Proporcionar ao profesorado material para facilitar a aprendizaxe do alumnado con NEE, alumnado estranxeiro e de etnia xitana.
- Facilitar ao noso alumnado a adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu posterior tratamento.
  1. Acceder á información con eficiencia e efectividade.
  2. Avaliar a información de forma crítica e competente.
  3. Usar a información de forma correcta e creativa.

### ■ APOIO AO ESTUDO

- Facilitar e analizar programas, recursos materiais de apoio e libros axeitados para traballar cos alumnos con NEE.
- Estimular a linguaxe oral e corrixir as dificultades existentes.
- Desenvolver a capacidade de comprensión e expresión escrita.
- Conseguir que o alumnado que presenta desigualdades sociais adquiera a aprendizaxe de forma autónoma de todas as áreas do currículo e tamén o seu propio divertimento.
- Posibilitar cos nenos/as de familias con poucos recursos económicos teñan acceso desde a biblioteca aos libros e as TICs.



## ■ FOMENTO DA LECTURA

- Desenvolver actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores.
- Desenvolver o pracer pola lectura (hora de ler –Proxecto lector).
- Formar ao noso alumnado como lectores/as competentes.
- Acadar o hábito lector no noso alumnado.
- Desenvolver formas de lectura: silenciosa, en voz alta, rápida e selectiva.
- Recoñecer distintos textos escritos: científicos, descritivos...
- Saber facer uso dos distintos espazos de lectura.
- Capacidade de ler en diferentes soportes: xornais, libros, ordenador...
- Buscar información en distintos soportes.
- Comprender as distintas motivacións que lles leva a iniciar a lectura: pracer, deber, interese, necesidade de información.
- Defender o dereito a ler calquera tipo de libros que lles produzan pracer e lles resulten divertidos.
- Disfrutar e divertirse lendo.

### 3. Sinais de identidade: a nosa mascota, pasaporte lector...

#### DAIA / PASAPORTE LECTOR

Daia continuará sendo o elemento dinamizador da Biblio de Palas. As cartas seguirán chegando fisicamente, dende o mes de outubro.

Durante o curso 2023 – 2024 non contaremos cun tempo diario adicado á HORA DE LER; será o profesorado o que enmarque a lectura ao longo da xornada lectiva.

Seguirán contando cun PASAPORTE LECTOR no que poderán tomar nota das súas lecturas ao longo do curso,

O profesorado elixirá entre os fondos da biblioteca recursos suficientes para complementar a biblioteca de aula. Eses libros poderán ser cambiados periodicamente.

#### CLUBES DE LECTURA

Ao longo do curso tentarase organizar Clubs de Lectura nos diferentes niveis. Buscaremos, sempre que sexa posible, unha sesión co autor ou autora dos mesmos. A escolla de libros desenvolverase simultaneamente ao



desenvolvemento das Programacións didácticas e será flexible para adaptarse a cada alumno e alumna en particular.

### MOCHILAS VIAXEIRAS

Retomaremos esta iniciativa no curso 2023 - 2024.

### EXPOSICIÓN TEMÁTICAS E TEMPORAIS

Continuaremos facendo exposicións daquelas novidades que vaian incorporándose á biblioteca coa finalidade de ter un fondo actualizado e acorde ás nosas necesidades. Necesidades de todo o alumnado e de todo o profesorado, o cal poderá suxerir a compra daqueles recursos que precise para o traballo competencial dentro ou fóra da aula.

Tamén se farán exposicións por centros de interese ou temáticas atendendo aos diferentes meses e ao traballado cada tempada.

Ofertarase tamén unha listaxe de recursos vencellados á temática do proxecto (desenvolvemento sustentable) para o curso 2023 – 2024: *Capitán Planeta*.

## 4. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro.

### 1.-En relación coa organización e xestión. A configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”.

Da organización e xestión encargárase o *equipo da biblioteca e o responsable*. As tarefas estarán distribuídas entre o equipo en función do horario. As gardas de recreo na biblioteca faranas Julio, Livia e Rocío, por cuestións organizativas do centro, e deseñaremos actividades de formación de usuarios, prepararemos actividades diversas... e comunicaremos os acordos e as actividades propostas aos cursos, a través das reunións conxuntas do Equipo de Biblioteca, Equipo de actividades complementarias e Extraescolares e Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

No mes de outubro presentaremos o PAL ao claustro, coa programación mensual de todas as actividades, de xeito que o poden incorporar ás súas PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.



O responsable coordinará o equipo, fará proposta de actividades, velará de cubrir as necesidades de fondos documentais, de libros de lectura, buscará recursos na web que centralizará no blog, preparará a información e os materiais para facilitarlos ao profesorado, manterá unha boa comunicación co equipo docente, acudirá a cursos de formación e será mediador entre a biblioteca e o exterior. Cada titor/a será o responsable de facer o préstamo na hora semanal que lle corresponda, con independencia de que este tamén se poda realizar nos recreos.

## **2.-En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.**

A promoción e dinamización dos recursos farase con propostas de actividades onde os recursos se teñan que empregar. Fomentaremos o uso das TIC/TAC/TEP para a realización destas actividades. Cada tempada cambiaremos a temática das exposicións de fondos e organizaranse actividades conxuntas e postas en común na biblioteca con carácter didáctico.

Este ano continuaremos integrando a robótica no currículo. Impartirase, cando menos, unha sesión semanal de polos creativos en cada un dos niveis de infantil e primaria.

O eixe vertebrador será a Biblioteca e proxecto interdisciplinar que impulsa leva por título *Capitán Planeta*, que terá como obxectivo principal concienciar da importancia de reducir para contribuír a un desenvolvemento sustentable no planeta.

O feito de que todos os Equipos e proxectos que se desenvolven no centro contribúan ao desenvolvemento deste proxecto interdisciplinar de centro enriquece e complementa os eidos de traballo e as perspectivas dos ámbitos de actuación conseguindo que o proceso de Ensino-Aprendizaxe sexa activo, inclusivo e motivador para toda a Comunidade Educativa.

Desta maneira aseguramos que a planificación anual de actividades da biblioteca ao comezo do curso se fará de xeito coordinado, a prol duns obxectivos e eidos de traballo comúns e organizando actividades relacionadas





co proxecto interdisciplinar; pero ofrecendo do mesmo diferentes perspectivas ou enfoques.

Ao longo do desenvolvemento das diferentes actividades pretenderase que o alumnado sexa consciente do seu propio aprendizaxe e sexa quen de avalialo. Deste xeito farémolos máis conscientes e eficientes. En definitiva, intentaremos que se fagan máis competentes en “Aprender a Aprender”. Pola nosa banda teremos presente que en todo momento o alumnado debe ser coñecedor dos obxectivos que nos propoñemos, para saber que se quere acadar e como o poden facer; coa finalidade de que sexan quen de autorregularse e empregar as estratexias precisas. Por isto a nosa biblioteca aspira a ser un laboratorio creativo de *metaaprendizaxe*.

Este proxecto, que desenvolverá todo o colexio en ámbalas dúas Etapas, será coordinado por Livia Barreiro e pola Biblioteca, pero en constante vinculación co resto dos equipos, como se mencionou previamente. Cremos que deste xeito se facilita a súa integración no currículo; o cal nos servirá para enlazar o traballo por competencias dun xeito multidisciplinar e globalizado.

Faremos, coa axuda dos diferentes equipos e atendendo ás súas necesidades e recomendacións, unha listaxe bibliográfica e audiovisual apropiada como apoio ao desenvolvemento deste proxecto, tanto específica, de consulta, como de literatura infanto-xuvenil que se atope relacionada con estes ámbitos dalgún xeito, atendendo ás diferentes idades do alumnado e á atención á diversidade. Teremos especial coidado á hora de seleccionar recursos inclusivos de xeito que o respecto e a atención á diversidade do noso alumnado estea asegurada. En todo caso, como todo proceso de *Aprendizaxe Baseado en Proxectos* teremos unha actividade final de relevancia que nos permitirá recoller nun blog específico todo o proceso recollido.

### **3.-En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.**

Preparación de cartafoles dixitais con informacións e materiais do funcionamento da biblioteca, formación de usuarios, condicións do préstamos, normas da biblioteca e programación mensual de actividades



para todo o curso escolar para o profesorado. Co alumnado seguiremos coa formación de usuarios con actividades sistematizadas. Elaboraremos boletíns e trípticos con actividades de alfabetización mediática e informacional, formación de usuarios e recomendacións lectoras.

Fomentaremos tamén a utilización dos recursos que temos: legos, escornabots, xogos cooperativos...

#### **4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de centro.**

Enviaremos recomendacións de lecturas por datas sinaladas. A biblioteca participará activamente na elección das lecturas para cada nivel educativo e logo intentará facilitar sesións de convivencia cos autores/as. Daia, a mascota, seguirá facéndonos propostas de actividades por medio da correspondencia e facilitando a integración curricular do proxecto interdisciplinar, ademais de servir de fío condutor e de elemento motivador.

#### **5. En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva.**

A diversidade é unha realidade inherente ao Sistema Educativo. Neste senso a biblioteca facilitará a atención a este alumnado a través da elaboración e adaptación de todos aqueles materiais que sexa preciso para facilitarlles o acceso ao currículo, a adquisición de competencias e a realización de todas as actividades propostas. Coordinarémonos co Departamento de Orientación e atenderemos ás súas suxestións e orientacións na atención a este alumnado á hora da adaptación dos materiais e da organización de actividades, pero tamén á hora de adquisición de fondos e recursos. Conmemoraremos datas tan importantes como o 3 de decembro, Día Internacional da Discapacidade.

#### **6. Outras actuacións.**

Seguiremos colaborando bidireccionalmente co EDLG e co equipo de Voz Natura no desenvolvemento coordinado dos seus proxectos. Do mesmo xeito colaboraremos co resto dos equipos e estaremos sempre dispostos a facilitarlles aqueles recursos que precisen en cada momento. Esta boa coordinación explícase ao saber que a maioría dos coordinadores destes



proxectos están integrados no Equipo de Biblioteca, así como algúns dos seus membros, o que facilita moito o noso traballo. O blog *abibliodepalas* seguirá a ser o escaparate das actividades da biblioteca e do colexio. Colaboraremos tamén con outras asociacións ou organizacións sempre e cando consideremos que resulta beneficioso para o alumnado e a consecución dos obxectivos plantexados.

## 5. TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTO

### ■ O ENCARGADO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

O funcionamento eficaz da biblioteca escolar supón unha axuda fundamental por parte de todo o profesorado, sendo preciso a colaboración de todos/as para a súa existencia, por iso, é moi importante a presenza dunha persoa responsable da mesma.

A persoa encargada da biblioteca é **Julio Alberto Arias Couso**, coas seguintes funcións:

- Elaborar a programación anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro e unha memoria final.
- Colaborar no deseño e posta en práctica do Proxecto Lector de centro, coordinándoo se é o caso.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Informar ao claustro das actividades de biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Coordinar ao equipo de apoio á biblioteca escolar.



## ■ O EQUIPO DE APOIO

Estará formado por profesores/as dos diferentes niveis, que traballarán en coordinación co responsable de biblioteca para a consecución de obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. A xefatura de estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, preverá as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os horarios, en que quedará recollida a súa participación neste servizo.

Forman parte do grupo de apoio da biblioteca: Livia Barreiro Pérez, Rocío Fernández Fernández, Nuria Sánchez Calvo, Marta Guerra Ledo, Mari Carmen Freire, María Vázquez Guerra e Eva Teijeiro Lamela.

As funcións dos integrantes do equipo de biblioteca son:

- Apoiar ao responsable da biblioteca na súa organización e dinamización, desenvolvendo así as funcións que se lle encomendan á biblioteca escolar.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, coa fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

As horas que o equipo e o profesorado con dispoñibilidade horaria lle dedican á biblioteca son as seguintes:

Nome e apelidos	Nivel / especialidade	Horas asinadas
Julio Alberto Arias Couso	Responsable / Director	4h
Livia Barreiro Pérez	Apoio infantil / Xefa de estudos	1h
María del Carmen Freire Rodríguez	Relixión	1h
María Vázquez Guerra	Pedagogía Terapéutica	1h



## 6. HORARIOS: ATENCIÓN ESPECÍFICA, EQUIPO DE BIBLIOTECA, TUTORÍAS, GARDAS DE RECREO

O horario de apertura da biblioteca abrangue **todo o período lectivo** (de 9:45h a 14:45h).

Durante o período de lecer (de 12:30h a 13h) estará atendida por profesorado do Equipo de Biblioteca. O servizo de préstamo realizarase no período de lecer de luns a venres e nas sesións reservadas polos titores / especialistas (escolleranse estas horas no primeiro claustro do mes de setembro).

No período de lecer despois do comedor non estará aberta.

No curso 2023 - 2024 a biblioteca abrirá, de outubro a maio, de martes a venres de 16h a 17h.

HORARIO EQUIPO DE BIBLIOTECA, PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA, TUTORÍAS E ESPECIALISTAS, GARDAS DE RECREO.					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª HORA				3 anos	5 anos
2ª HORA				Polos 4 anos	LIVIA Polos 2º EP
3ª HORA	1º EP	MARICARMEN		JULIO Polos 3 anos	MARÍA JULIO 6º EP
RECREO	JULIO /LIVIA /ROCÍO	JULIO /LIVIA /ROCÍO	JULIO /LIVIA /ROCÍO	JULIO /LIVIA /ROCÍO	JULIO /LIVIA /ROCÍO
4ª HORA	1º EP	Polos 1º EP	JULIO 4º EP	Polos 5 anos	Polos 5º EP



5ª HORA	Polos 4º EP	JULIO 5º EP	Polos 3º EP	4 anos	Polos 6º EP 2º EP
---------	-------------	----------------	-------------	--------	----------------------

## 7. Actividades programadas e temporalizadas.

Ademais das actividades que se indican na seguinte táboa, levaranse a cabo as recollidas no Proxecto Documental Integrado *Capitán Planeta*.

Setembro...Comezamos!
<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Elaboración do PAL e entrega ao profesorado para a incorporación ás PD.</li> <li><input type="checkbox"/> Elaboración do cadro horario da biblioteca.</li> <li><input type="checkbox"/> Realización dun novo expurgo dos fondos e colocación dos recursos existentes.</li> <li><input type="checkbox"/> Inicio de préstamo ao alumnado dos recursos existentes que se recollerán no pasaporte lector.</li> <li><input type="checkbox"/> Explicación do funcionamento da biblioteca durante o curso 2023 – 2024.</li> <li><input type="checkbox"/> Ampliación dos recursos bibliográficos (Compraranse algunhas novidades).</li> </ul>
Outubro...mes do medo e da cultura galega
<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Primeira carta informativa de Daia.</li> <li><input type="checkbox"/> Exposición de libros de medo.</li> <li><input type="checkbox"/> Daia presenta á Comunidade Educativa, a través dun vídeo, o Proxecto Documental Integrado.</li> <li><input type="checkbox"/> Exposición de libros sobre o Desenvolvemento sustentable.</li> <li><input type="checkbox"/> Conmemoración do Día das Bibliotecas escolares.</li> <li><input type="checkbox"/> Comeza o Proxecto Documental Integrado.</li> <li><input type="checkbox"/> Conmemoración do Samaín e Halloween.</li> <li><input type="checkbox"/> Proponse a realización de historietas ou historias de medo dentro das áreas lingüísticas a modo de obradoiro de expresión creativa.</li> </ul>



- Anímase a participar na CodeWeek 2023, incluíndo o noso centro no mapa europeo da programación e realizando actividades relacionadas co pensamento computacional, as linguaxes de programación e a robótica.
- Neste mes comezaremos coa nosa plantación no invernadoiro, potenciando a investigación sobre aquilo que se vaia plantar e o deseño dunha ficha técnica do mesmo.
- Tamén se propiciará a posta en marcha dun obradoiro creativo con materiais do outono ou creación dun monstro con material de refugallo, integrado na área de plástica das diferentes titorías. Posteriormente realizarase unha exposición que poderá ser visitada por quendas e coa supervisión do mestre/a.
- Continuaremos coa catalogación.

#### **Novembro...mes da ciencia en galego**

- Conmemoración do Día Universal da Infancia (20 de novembro).
- Conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro).
- Cada titoría realizará un experimento.
- Exporanse libros sobre ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas (STEAM) e intentaremos propiciar a súa lectura e préstamo durante, alomenos, este mes.
- Exposición de libros sobre igualdade e feminismo.

#### **Decembro...tempo de nadal**

- Conmemoración do Día Internacional das Persoas con Dis...capacidade (3 de decembro).
- Conmemoración do Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro).
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia (Do 30 de novembro ao 7 de decembro).
- Boletín de recomendacións e novidades lectoras.
- Obradoiros de Nadal.

#### **Xaneiro...mes da Paz e a NON Violencia**



- Neste mes comezaremos coa plantación do inverno no invernadoiro e continuaremos coa ficha técnica do produto desta tempada.
- Exposición temática: paz e non violencia
- Conmemoración do Día da Paz e da Non Violencia (30 de xaneiro)
- Explicación e desenvolvemento do proxecto para o 2º trimestre.
- Organización das sesións de formación de usuarios.

### **Febreiro...mes do amor de Rosalía de Castro**

- Entroido: colaboramos co EACE para a organización destas datas. Realizaranse os disfraces con material de refugallo.
- Conmemoración do Día de Rosalía de Castro (24 de febreiro).
- Exposicións temáticas sobre Rosalía de Castro e o entroido.

### **Marzo...mes da poesía**

- Exposición temática: poesías diversas. Propiciarase entre o alumnado a lectura e préstamo desta tipoloxía de libros.
- Obradoiros de escritura creativa de poesías en lingua galega baixo a temática da “natureza”. Crearemos un libro con todas elas.
- Exposición temática e Conmemoración do Día Internacional da Muller (8 de marzo).
- Conmemoraremos a Semana da prensa e ofreceranse recursos dende a biblioteca (do 7 ao 11 de marzo).
- Conmemoración do Día da Poesía, Día da Auga e do Árbore (21 de marzo).
- Conmemoración do Día das persoas con Síndrome de Down (21 de marzo).
- Conmemoración do Día Mundial do Teatro (27 de marzo).

### **Abril...mes dos libros**

- Día 2 de abril, Día mundial da concienciación sobre o Autismo.
- Conmemoración do Día Mundial da Saúde (7 de abril).
- Conmemoración do Día Internacional da Nai Terra (centrarémonos na contaminación e noutros problemas ambientais, 22 de abril).
- Conmemoración do Día do Libro (23 de abril).
- Darase comezo á plantación da primaveira.
- Explicación e desenvolvemento das actividades do proxecto para o terceiro trimestre.

### **Maio...mes das letras**





- Conmemoración do Día Internacional Contra o Acoso Escolar (2 de maio).
- Conmemoración do Día das Letras Galegas (17 de maio).
- Exposición temática de libros sobre as Letras Galegas.

#### **Xuño...remata o curso**

- Conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño).
- Boletín de recomendacións lectoras para o verán.

Todas as actividades son flexibles e están suxeitas a calquera modificación, cancelación ou incorporación segundo as necesidades organizativas do centro e as condicións socio-sanitarias da nosa zona de referencia.

### **8. Seguimento e avaliación.**

- Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.**

Levarase un seguimento do proxecto nas reunións do equipo: actividades desenvoltas, grado de participación, suxestións na caixa da biblioteca, enquisas de valoración...

Analizaranse os cambios e melloras que se observen no alumnado, no profesorado, no centro e as repercusións que teña nas familias e en xeral, na comunidade educativa. Rexistraranse por escrito as incidencias, os acertos e os erros, matizando cada intervención coas vivencias positivas e de xeito obxectivo. No alumnado avaliaremos os avances que respondan ás alfabetizacións múltiples, ao seu coñecemento tecnolóxico, ao tratamento da información audiovisual, á competencia dixital e a competencia para aprender a aprender. No Profesorado avaliaremos a súa implicación nas actividades, a mellora da súa actividade docente e as relacións entre si: a cohesión e a coordinación entre o mesmo.

A avaliación establecerase da seguinte maneira:

#### **a) Despois de cada actividade:**

Levaremos a cabo unha avaliación continua dos avances ou dificultades, principalmente das relacionadas coa formación de usuarios, educación documental e animación á lectura.



Para avaliar os avances do proxecto lector terase en conta:

- Os índices da lectura.
- A capacidade do alumnado para evolucionar na súa competencia literaria, enfrontándose cada vez a textos máis complexos.
- A actitude positiva do alumnado cara a lectura como medio de aprendizaxe, como fonte de pracer e disfrute. Recollerase mediante rexistros.

Na reunión mensual do Equipo de Biblioteca farase un **balance das actividades propostas** nese mes: obxectivos previstos e resultados acadados, análise do desenvolvemento, propostas de mellora...Redactarase unha acta en cada reunión.

Na caixa de suxestións situada na entrada da biblioteca o alumnado poderá facer avaliacións anónimas do desenvolvemento das actividades, da organización da biblioteca... Cando as actividades engloben a outros membros da Comunidade Educativa tamén poderán dar a súa opinión.

Buscamos diversas opinións que nos permitan progresar.

#### **b) Avaliación trimestral:**

Cada trimestre farase unha análise global do desenvolvemento do proxecto (obxectivos, adecuación das actividades, dificultades, melloras posibles) que será realizado polo equipo de biblioteca.

#### **c)Avaliación final:**

Terá lugar a final de curso. A avaliación centrarase nos seguintes apartados: Alumnos/as, profesores, materiais, proxecto (metodoloxía). Realizarase unha memoria que será presentada ao claustro e ao consello escolar.

## **6. Departamento de Orientación**

### **1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO EN RELACIÓN Á TIPOLOXÍA DO ALUMNADO**

O CEIP Plurilingüe Palas de Rei encóntrase nun entorno rural, e conta con 6 unidades de educación primaria e 3 de educación infantil.



Características do pobo:	
<ul style="list-style-type: none"><li>- Concello pequeno.</li><li>- Entorno rural.</li><li>- Afluencia de peregrinos polo camiño de Santiago.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Recursos educativos infantil-primaria:<ul style="list-style-type: none"><li>Un centro de educación infantil e primaria público.</li><li>Un IES.</li></ul></li></ul>

## 2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

As necesidades educativas distribúense nun continuo, xa que todos os alumnos/as nalgún momento do proceso de ensinanza-aprendizaxe presentan algunha necesidade, froito da súa diversidade. Dentro das prioridades da orientación educativa, a atención ás necesidades educativas do alumnado ocupa un lugar preferente.

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as actuacións seguintes:

- Avaliación inicial no inicio da súa escolarización (Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021)
- Avaliación inicial ó principio de curso.
- As sesións de avaliación trimestrais e a avaliación final.
- Avaliacións psicopedagóxicas individuais, segundo o Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, solicitadas previamente polo profesorado mediante o protocolo correspondentes, as familias ou a instancia do propio departamento.
- Informes psicopedagóxicos.
- Probas colectivas aplicadas ao longo do curso.

## 3. OBXECTIVOS

En canto ós obxectivos búscase:



- Conseguir axustar a atención educativa desde unha visión non restritiva da atención á diversidade.
- Definir con precisión as necesidades anuais.
- Definir medidas axustadas diferenciando ordinarias e extraordinarias.
- Sistematizar o seguimento dos protocolos que sexan precisos.
- Desenvolver estratexias organizativas, metodolóxicas e curriculares que favorezan a consecución dos obxectivos educativos e a adquisición de competencias básicas de todo o alumnado.
- Conseguir que todo o alumnado obteña o máximo grao de satisfacción persoal, social, emocional e escolar de acordo ás súas capacidades.
- Axeitar a resposta educativa á diversidade do alumnado tomando medidas que vaian desde cambios organizativos no centro ata modificacións no currículo.
- Aceptar e valorar as diferenzas individuais do alumnado como un feito de enriquecemento da comunidade educativa.

#### **4. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN**

Por outra parte, o CEIP de Palas de Rei, figura como orientación compartida, tendo adscrito o CEIP de Antas de Ulla.

En consecuencia, establecido o marco xeral (Plan de Orientación), corresponde planificar e temporalizar as actuacións para o curso 2023-2024, o que dá lugar ao Plan de Actividades de Orientación para o presente curso.

Neste Plan de Actividades establécense as actuacións a desenvolver, o responsable/s de poñelas en marcha, as persoas ás que van dirixidas e a pertinente temporalización. Este curso académico o DO queda constituído cos seguintes membros:

Marta Guerra Ledo, Xefa do Departamento de Orientación

Begoña Ferro Gundín, Coordinadora do 2º ciclo de EI

María Vázquez Guerra, Mestra de PT e coordinadora do 1º ciclo de EP

Lucía López Vázquez, Mestra de AL

Mª Jesús Rouco Pájaro, Coordinadora do 2º ciclo de EP

Mª Estrella Blanco Taboada, Coordinadora do 3º ciclo de EP

Sandra López Gómez, Directora centro adscrito, CEIP de Antas de Ulla



Livia Barreiro Pérez, Xefa de Estudos.

	<b>ACTUACIÓNS</b>	<b>RESPONSABLE/S</b>	<b>DESTINATARIOS/AS</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
01	Asesoramento á comunidade educativa no relativo á atención á diversidade.	Orientadora.	Membros da comunidade educativa.	Todo o curso.
02	Proposta de organización dos apoios por parte do profesorado de PT, AL e outros.	Orientadora e profesorado de PT e AL.	Titores e titoras do alumnado con NEAE.	Setembro.
03	Constitución do Departamento de Orientación.	Orientadora.	Membros do Departamento.	Setembro
04	Proposta sobre o orzamento do Departamento.	Orientadora.	Dirección.	Segundo necesidades.
05	Elaboración das liñas xerais de orientación e acción tutorial do departamento de orientación adscrito ao IES de Palas de Rei e de Monterroso.	Departamento do IES de Palas de Rei e Monterroso	Departamento do centro adscrito.	Outubro
06	Elaboración e aprobación do Plan de Actividades do Departamento de Orientación para o curso.	Orientadora.	Departamento de Orientación e comunidade educativa	Outubro.
07	Elaboración de circulares informativas.	Orientadora.	Profesorado e familias.	Todo o curso.
08	Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas, e dos correspondentes informes.	Orientadora.	Demandantes, equipos docentes, propio alumnado e familias.	De outubro a maio.
09	Reunións de coordinación entre a Orientadora do IES de Palas de Rei e Monterroso e o Orientadora do centro adscrito.	Orientadoras do IES de Palas de Rei e de Monterroso	Orientadora do centro adscrito.	En función das convocatorias.
10	Asesoramento na realización e seguimento das Adaptacións Curriculares, se procede.	Orientadora.	Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos.	Todo o curso.
11	Publicitar as liñas xerais de actuación do Departamento.	Orientadora.	D.O., Claustro, Consello e Familias.	Setembro e outubro.
12	Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións xerais coas familias.	Departamento de Orientación.	Claustro do profesorado.	Setembro
13	Colaborar na recollida de información do alumnado de 4º de Infantil	Orientadora, titora de 4º E. Infantil.	Titoría, aval. inicial, expediente dos alumnos.	Setembro/Outubro/ Xuño
14	Realizar unha exploración (conceptos básicos) á totalidade do alumnado de 6º de E. Infantil.	Orientadora.	Alumnado de 6º E. Infantil.	Marzo
15	Reunións do Departamento do IES de Palas de Rei e de Monterroso.	Orientadora/a do IES de Palas de Rei e Monterroso.	Orientadora do centro adscrito.	Según convocatoria.
16	Convocatorias do Departamento.	Orientadora.	Totalidade de membros.	Mensualmente, ao longo do curso.
17	Reunións mensuais do Departamento.	Orientadora.	Membros do D.O. do CEIP de Palas.	Según calendario, de reunións.
18	Redacción das actas das reunións do Departamento.	Orientadora.	Membros do Departamento.	Despois de cada reunión D.O.



19	Colaboración coa Asociación de Nais e Pais dos Alumnos e Alumnas.	Orientadora.	Directiva da ANPA.	Todo o curso. Según demanda.
20	Realizar unha exploración psicopedagóxica coa totalidade do alumnado de 6º de Primaria.	Orientadora.	Alumnado de 6º	Abril
21	Informar da exploración psicopedagóxica realizada ao alumnado de 6º de Primaria.	Orientadora.	Profesorado titor, alumnado e familias.	Abril-Maio
22	Avaliación do Programa de Acolida-Adaptación.	Departamento de O./Titora	Equipo directivo, equipos docentes e CCP.	Decembro.
23	Asesoramento ao profesorado na cumprimentación da documentación académica do alumnado.	Departamento de Orientación.	Totalidade do profesorado.	Decembro, abril, xuño.
24	Asistir ás sesións de avaliación.	Orientadora.	Equipos docentes.	Decembro, abril, xuño.
25	Realización do seguimento do Plan de Acción Titorial.	Coordinadores/as de ciclo e membros DO.	Equipos de ciclo	Xaneiro, abril e xuño.
26	Realización do seguimento deste Plan de Actividades de Orientación.	Departamento de Orientación.	Membros do Departamento.	Xaneiro, abril e xuño.
27	Planificación de actividades de Preparación para a ESO.	D. de O. e equipo docente de 6º.	Profesorado, alumnado e familias de 6º de Primaria.	Abril
28	Deseño e desenvolvemento do programa de Detección Precoz de Dificultades na área de linguaxe en 5º/6º de Infantil.	Orientadora.	Profesorado, alumnado e familias de Infantil 4 anos.	Abril.
29	Deseño do proceso a seguir para a elaboración dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio.	Departamento de Orientación.	Profesorado titor e profesorado de apoio.	Outubro/Novembro
30	Realizar unha exploración psicopedagóxica ao alumnado de 6º E.I., e informar da mesma	Orientadora	Alumnado 6º EI. Informar á titora e ás familias.	Abril/maio
31	Realización da avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	Departamento de Orientación.	Coordinadores/as de ciclo, profesorado de apoio, profesorado do RE, equipo directivo, Orientadora e memoria final.	Maio-xuño.
32	Realización da avaliación do Plan de Acción Titorial.	Departamento de Orientación.	Equipos de ciclo e memoria final.	Maio-xuño.
33	Realización da avaliación do Plan de Actividades do Departamento.	Departamento de orientación.	Membros do Departamento e memoria final.	Maio-xuño.
34	Informar aos D.O. dos IES de Palas de Rei e Monterroso das características do alumnado e das Habilidades Sociais.	Orientadora, titora.	Orientadora do IES de Palas de Rei.	Xuño.
35	Elaboración dos informes do alumnado que remata Primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica.	Orientadora.	Expediente persoal dos alumnos e alumnas.	Xuño.
36	Colaborar na dinamización das TIC.	Orientadora	Usuarios das TIC, profesorado e alumnado.	Ao longo do curso.
37	Revisión do Plan de Orientación	Orientadora.	Dep. de Orientación e comunidade educativa.	Maio, xuño.
38	Charlas de Orientación ás familias (sobre hábitos de estudo....)	DO, Orientadora, Equipo Directivo.	Familias do colexio.	Ao longo do curso, según demanda.



39	Orientación ao alumnado de 6º sobre a ESO, en colaboración cos respectivos IES.	Orientadora, Titoras/es, Orientadoras IES.	Alumnado de 6º e familias.	3º trimestre
40	Charlas aos alumnos en colaboración co CIM de Palas.	DO,CIM	Alumnado de 6º	Ao longo do curso
41	Xornada de acollida para as familias de nova matrícula (ambos centros) e alumnado (CEIP de Palas).	DO., Orientadora, profesorado infantil, E. Directivo.	Alumnado de nova matrícula e familias.	Xuño.
42	Actualización do inventario do D.O., se procede, e dalo a coñecer.	Orientadora.	Departamento de Or. e comunidade educativa	Ao longo do curso
43	Redacción da memoria do Departamento de Orientación.	Orientadora.	Equipo directivo, Departamento e claustro.	Xuño.
44	Facilitar a información do DRDadi e do DRDorienta.	Orientadora	Consellería de Educación	Ao principio e final do curso.

## 5. HORARIO DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Antes de indicar o horario de permanencia no centro por parte da Xefa do Departamento de Orientación cómpre indicar:

O horario da Xefatura do Departamento de Orientación é o que segue:

SESIÓNS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES (Centro adscrito)	VENRES (Quincenal)
1ª	ITINERANCIA	D.O.	GARDA	GARDA	D.O.
2ª	D.O.	D.O.	D.O.	D.O.	D.O.
3ª	D.O.	D.O.	D.O.	GARDA	GARDA
RECREO					
4ª	D.O.	D.O.	D.O.	D.O.	D.O.
5ª	D.O.	TL	GARDA	ITINERANCIA	D.O.
6ª	Reunións D.O.				

**NOTA:** As sesións que figuran como D.O. inclúen o traballo para desenvolver o Plan Anual de actividades, mesmo a atención ao alumnado, profesorado e familias. O horario dos venres é quincenal, con asistencia alterna ao CEIP de Palas de Rei e ao de Antas de Ulla.

## 6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Este Plan de Orientación que elaboramos non é algo ríxido, senón que se formulou de forma que segundo fose transcorrendo o curso poida ser modificado



e mellorado polo Departamento de Orientación adaptándoo á realidade educativa, ó contexto, ás necesidades e os alumnos e alumnas.

Coa súa avaliación pretendemos coñecer a efectividade das intervencións realizadas e revisar os aspectos que son susceptibles de mellorar para o próximo curso.

Levarase a cabo unha **avaliación continua** nos distintos **programas de intervención** e nas estratexias adoptadas.

**Trimestralmente**, nas reunións do Departamento a celebrar nos meses de xaneiro e abril, deberá realizarse un informe das actuacións desenvolvidas. Será no mes de xuño cando se realice a avaliación de todo o plan, que se incorporará á memoria do Departamento de Orientación.

## **PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

### **1. XUSTIFICACIÓN**

Durante a etapa escolar poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten as dificultades de aprendizaxe co obxecto de permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave, así como o nivel de desempeño esperado ó remate da educación primaria.

Os mecanismos de apoio e de reforzo serán tanto organizativos como curriculares, considerando un deles o apoio da especialista de Pedagogía Terapéutica.

Para o presente curso académico 2023-2024, prevese que se atenderán dende a aula de Pedagogía Terapéutica a varios alumnos con necesidades asociadas necesidades educativas especiais, retrasos madurativos, trastornos de atención e aprendizaxe e alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

### **2. OBXECTIVOS**

Como obxectivo xeral sinalar:

- ❖ Prestar atención directa ó alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE).





E como obxectivos específicos:

- Colaborar coa xefatura do DO na proposta de organización da docencia de apoio
- Elaborar os programas de intervención para o alumnado de apoio de pedagogía terapéutica seguindo as directrices recollidas na PXAD, en colaboración co profesorado e seguindo a orientación e asesoramento da xefatura do DO.
- Colaborar, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación das mesmas.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atendo.
- Elaborar, a finais de curso, un informe individual de cada alumnado/a o que prestei apoio coordinado pola xefatura do DO

### 3. METEDOLOXÍA

Durante este curso, a meirande parte dos apoios de pedagogía terapéutica realizaranse dentro da aula ordinaria polo que me adaptarei as metodoloxías que empreguen os mestres e mestras nese momento.

Nos casos nos que o alumnado sae a aula de PT levarase acabo unha metodoloxía **activa** (convertendo a aula nun espazo de descubrimento e investigación), **investigadora** (partindo do próximo ao alumnado, do que xa coñece e lle resulte familiar), **participativa**, **integradora**, **inclusiva** e **personalizada** (atendendo ás diferenzas individuais, actuando e respondendo de forma diversa). Ademais, basearémonos nos seguintes criterios:

- ❖ Concepción **construtivista** da intervención pedagóxica: son os alumnos os que constrúen, modifican, enriquecen e diversifican os seus esquemas sendo o mestre o encargado de promover situacións para que se produza dita dinámica.
- ❖ Principio de **normalización**, empregando os medios máis normativos posibles e creando situación normativas.



- ❖ **Planificación** da nosa intervención de xeito sistemático.
- ❖ **Curricularidade**, tendo en conta, á hora de traballar, o currículo da etapa na que está escolarizado o suxeito.
- ❖ **Coordinación** entre todos os individuos que dalgunha maneira ou outra formamos parte do proceso educativo do alumno.

#### 4. **ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN:**

Durante este curso miña intervención farase principalmente na **área lingüística** e na **área lóxico-matemática**.

Dentro da área lingüística farase especial fincapé na adquisición do proceso lecto-escritor nos primeiros cursos de educación primaria e o afianzamento de dito proceso, na comprensión e na composición de textos e adquisición das regras ortográficas nos cursos máis altos.

No que respecta ó ámbito lóxico-matemático reforzase o conteo, estimación, descomposición de números, as operacións matemáticas, a resolución de problemas, cálculo mental e o razoamento lóxico.

#### 5. **AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

A avaliación será continua, global e formativa e realizarase en tres momentos:

- Inicial: a principio de curso co fin de identificar as necesidades de cada un dos alumnos.
- media: levada a cabo ao longo de todo o proceso de intervención a través da observación co fin de saber si se van acadando os obxectivos propostos ou se é necesario modificar o proceso de intervención.
- Final: realizarase ao final de cada intervención cos alumnos co fin de coñecer si os obxectivos foron acadados ou non.

Esta avaliación ocuparase dos seguintes aspectos:

- ❖ En relación ao alumnado terase en conta:
  - Valoración dos informes de avaliación individualizada; grao de consecución dos obxectivos; dificultades observadas; materias; recursos e metodoloxía empregada.
- ❖ En relación os programas de intervención valorarase a:



- Consecución dos obxectivos propostos.
- Adecuación da programación as NEAE e posibilidades do alumnado.
- Aproveitamento de recursos.

❖ En relación a práctica docente:

- A estratexias metodolóxicas empregadas, a adecuación das actividades e a temporalización foron as correctas.
- Os recursos elaborados, adaptados e empregados axustáronse as necesidades dos alumnos.
- Grado de coordinación co persoal e a vida do centro.
- Coordinación coas familias.

## **AUDICIÓN E LINGUAXE**

### **1. XUSTIFICACIÓN**

A linguaxe supón o principal medio de comunicación, representación e relación co noso entorno, así como o principal vehículo para a transmisión do coñecemento. Por este motivo é fundamental unha prevención, detección e rehabilitación temperá das posibles perturbacións, alteracións ou trastornos para impedir que a comunicación e expresión de ideas e sentimentos, así como o procesamento da información, se vexan alterados tanto expresiva como comprensivamente.

Para o presente curso académico 2023-2024, prevese que se atenderán dende a aula de Audición e Linguaxe a varios alumnos e alumnas con necesidades asociadas a dificultades temporais e/ou permanentes da fala, da linguaxe oral e escrita nos distintos cursos. A mestra de Audición e Linguaxe, con centro base no CEIP Palas de Rei, acudirá ao seu centro adscrito, o CEIP Virxe da Luz (Portomarín), os venres en horario de 8:55 a 14:50, debido ao carácter itinerante da praza.

### **2. OBXECTIVOS**



Os obxectivos que se perseguen para o presente curso escolar establécense tendo en conta as necesidades detectadas, para dar así unha resposta axustada tanto a nivel escolar como socio-familiar.

**Obxectivos xerais:** Dar resposta ás dificultades de comunicación, linguaxe e fala./ Organizar as sesións de intervención con cada alumno e alumna./ Previr os posibles trastornos e alteracións da linguaxe.

**Obxectivos a nivel de alumnado:** Favorecer a adquisición das técnicas e habilidades fundamentais que posibiliten o logro das competencias clave./ Fomentar a motivación no proceso de E-A./ Mellorar o autoconceito e a autoestima./ Educar para a saúde inculcando bos hábitos dende idades temperás, que incluírán hábitos de hixiene, alimentación, descanso e actividade./ Desenvolver os valores para potenciar a convivencia escolar./ Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e da mellora da competencia lectora.

**Obxectivos específicos:** Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio./ Prestar atención directa ao alumnado con necesidades educativas especiais./ Elaborar programas de intervención para o alumnado que reciben apoio por parte da mestra de A.L. en colaboración co profesorado da área que corresponda co correspondente asesoramento da xefa do departamento de orientación./ Colaborar, na elaboración das adaptacións curriculares, así como no seguimento e avaliación das mesmas./ Participar na planificación e desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado./ Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que se atenda, con voz e sen voto./ Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou alumno que recibiu apoio.

### 3. METODOLOXÍA

A metodoloxía que se seguirá, responderá ás necesidades do alumnado que se atenda destacando:

- Atención individualizada, adaptarse a intervención ás dificultades, necesidades e peculiaridades de cada alumno e alumna que se apoie.
- A organización da aula adaptarse ao espazo desta. Na medida do posible será flexible en función das actividades a realizar usando un espazo para traballar os



trastornos dos sons da fala, outro para o traballo de mesa e un último para traballo con ordenador.

- O ambiente de traballo, será agradable para que o alumnado se desenvolva con comodidade, evitando situacións incómodas que repercutan na intervención.
- As sesións, incluirán actividades motivadoras partindo dos gustos e intereses de cada alumno e alumna, incrementando a súa dificultade progresivamente e priorizando a comunicación do neno e nena mediante a estimulación da súa fala, pero abordando todas as necesidades que presenta e tendo en conta o punto de partida.
- Os materiais a empregar, buscarán motivación cara as tarefas usando recursos TIC e multisensoriais que favorezan a aprendizaxe a través de diferentes sentidos.
- Funcionalidade, minimizando as dificultades e aportándolle autonomía ao alumno/a.
- Daranse pautas á familia, titor/a e ao resto do profesorado, buscando unha maior cooperación no proceso de intervención do alumnado, dando orientacións que complementen e favorezan dito proceso, xeneralizando o aprendido a outros contextos.

#### **4. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN**

##### **4.1. INTERVENCIÓN FAMILIAR**

Orientada a normalizar o desenvolvemento da linguaxe do neno e nena. Proporcionar información- formación aos pais e nais sobre a modificación das condutas lingüísticas e non lingüísticas que inciden negativamente no seu desenvolvemento.

##### **4.2. INTERVENCIÓN ESCOLAR**

Con relación á titoría: favorecerase o desenvolvemento do autoconcepto do alumnado reforzando as condutas positivas, motivándoo a participar en todas as actividades de aula, estimulando unha conduta lingüística normalizada e reforzando os intentos de expresión verbal ou comunicativa.

##### **4.3. INTERVENCIÓN LOGOPÉDICA**

Os contidos a traballar pertencen aos catro compoñentes da linguaxe: nivel fonolóxico, semántico, morfosintáctico e pragmático.



Nivel fonolóxico: bases funcionais, percepción e discriminación auditiva, articulación (fonema, sílaba, palabras...), conciencia fonética/fonolóxica (memoria auditiva e secuencial).

Nivel semántico: aumentar o vocabulario comprensivo e expresivo; nomear obxectos e as súas características; semellanzas e diferenzas, antónimos e sinónimos, absurdos; familias de palabras; relacións e clasificacións semánticas.

Nivel morfosintáctico: determinantes, xénero e número, concordancia, expansións verbais.

Nivel pragmático: diálogo, poesías, retahílas, cancións, dramatización de contos, situacións da vida real...

Este traballo será reforzado coa lectoescritura, axudando a súa integración e xeneralización das aprendizaxes.

## **5. AVALIACIÓN**

Terase en conta os tres momentos da avaliación: inicial, continua e final. Aos alumnos e alumnas que reciban apoio por parte da mestra de A.L. faráselle unha avaliación inicial na cal valorarase os aspectos concretos en relación ás necesidades detectadas e ao ámbito comunicativo-lingüístico, tendo como finalidade determinar de onde partir a intervención e os aspectos concretos nos que o alumnado necesita apoio.

Ao longo do proceso de intervención, realizarase unha avaliación continua. Para elo, será preciso facer un seguimento do alumnado a través de listas de rexistro co obxectivo de adaptar o programa ás necesidades do alumno ou alumna. Estableceranse items para revisar se o alumnado alcanza os obxectivos previstos e reorientando a intervención de ser necesario.

Finalmente, farase unha avaliación final, na que se valorará a consecución dos obxectivos propostos na intervención do alumnado e a súa xeneralización noutros contextos fóra da aula de AL.

## **PLAN BENESTAR EMOCIONAL**

A coordinadora do benestar emocional rexerese segundo a Orde do 23 agosto do 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.



Marta Guerra Ledo, xefa do Departamento de Orientación é a coordinadora.

## 1. OBXECTIVOS DO PLAN

O plan terá os seguintes obxectivos:

a) En coordinación co equipo directivo:

– Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.

– Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

– Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

– Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.

– Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.



– Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

– Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

– Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

– Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.

– Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

– Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.

– Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección

da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.





## 2. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

ACTUACIÓN	RESPONSABLE	DESTINATARIO-A	TEMPORALIZACIÓN
Enquisa de avaliación do benestar emocional.	Coordinadora do plan de benestar.	Alumnado – profesorado.	Primeiro trimestre.
Merendas saudables.	Equipo directivo.	Todo alumnado.	Todo o curso escolar.
Posta en funcionamento da Escola de Nais e Pais: itinerario formativo relacionado coa disciplina positiva, educación emocional,...	Equipo directivo.	Nais e pais do CEIP de Palas	Todo o curso
Apoio do mestre do Plan ACOMPAÑA.	Equipo directivo	Alumnado de 3º-4º-5º-6º	Todo o curso
Obradoiros de resolución pacífica de conflitos. CONTRATOS PROGRAMA-EMOCIONATE	Coordinadora do plan de benestar.	Alumnado 4º-5º-6º E.P .	Segundo e terceiro trimestre.
Obradoiros sobre medicación escolar e posta en funcionamento os equipos de mediación escolar. CONTRATO PROGRAMA EMOCIONATE	Coordinadora do plan de benestar.	Alumnado 4º-5º E.P.	Segundo e terceiro trimestre.

## 3. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN OU MODIFICACIÓN



O plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

## 7. Horarios

### 7.1. Horario Xeral do centro

<i>XORNADA XUÑO E SETEMBRO</i>			<i>XORNADA DE OUTUBRO A MAIO</i>		
1ª sesión	9:40	10:35	1ª sesión	9:45	10:40
2ª sesión	10:35	11:30	2ª sesión	10:40	11:35
3ª sesión	11:30	12:25	3ª sesión	11:35	12:30
Recreo	12:25	12:55	Recreo	12:30	13:00
4ª sesión	12:55	13:50	4ª sesión	13:00	13:55
5ª sesión	13:50	14:40	5ª sesión	13:55	14:45
Comedor	14:40	15:40	Comedor	14:45	16:00
			Biblioteca	16:00	17:00

### HORARIO ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

Luns de 16:00 a 17:00

### 7.2. Recreos

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
NURIA MÓNICA MARÍA JOSÉ BEGO P. CHUS	SUSANA MARTA M.CARMEN SABELA LUCÍA	MARTA OFELIA BEGO F. CHUS ESTRELLA	MÓNICA MARÍA JOSÉ MARÍA ESTRELLA LUCÍA	MARÍA OFELIA BEGO F. EVA SABELA

BIBLIO
JULIO ROCI LIVI



## DÍAS DE SOL

- Zona arriba- tres mestras de garda (Educación infantil + 1º EP)
- Zona abaixo- dúas mestras de garda.
- Zona parque novo-

- ✓ LUNS: 1º EP
- ✓ MARTES: 2º EP
- ✓ MÉRCORES: 3º EP
- ✓ XOVES: 4º EP
- ✓ VENRES: 5º E 6º EP

- **Biblio: un mestre de garda**

- ✓ ACCESO LIBRE 1º EP A 6º EP

## DÍAS DE CHOIVA

- O alumnado de infantil baixará para o PARQUE NOVO coas tres mestras de garda da zona de arriba.
- O alumnado de 1º a 6º de primaria fará o recreo na pista coas dúas mestras de garda da zona de abaixo.



### 7.3. Horario do alumnado

Infantil 3 anos				
Luns	Martes	Mérc	Xoves	Venres
G	G	G	G	G
L.E.	G	G	G	E.F
R/ AE	G	L.E.	G	G
G	MUS	G	G	G
G	G	G	G	G

Infantil 4 anos				
Luns	Martes	Mérc	Xoves	Venres
G	MUS	G	G	E.F.
R/AE	G	G	G	G
G	L.E.	G	G	G
G	G	G	L.E.	G
G	G	G	G	G

Infantil 5 anos				
Luns	Martes	Mérc	Xoves	Venres
G	G	R/ AE	G	G
G	G	G	G	G
G	G	G	G	L.E.
G	G	MUS	G	E.F.
G	L.E.	G	G	G

1º				
Luns	Martes	Mérc	Xoves	Venres
L.C.	E.F.	L.E.	L.G.	L.C.
M	L.C.	L.G.	M	L.G.
CCNN	M	M	E.F.	M
R/ PC	CCNN	L.C.	CCNN	L.E.
MUS	L.G.	CCSS	PLAS	CCSS

2º				
Luns	Martes	Mérc	Xoves	Venres
L.C.	M	L.C.	M	MUS
M	L.G.	M	L.G.	CCNN
L.G	CCSS	L.G.	CCNN	L.E.
PLAS	R/ PC	L.E.	L.C.	CCSS
CCNN	E.F.	CCSS	E.F.	L.C.

3º				
Luns	Martes	Mérc	Xoves	Venres
L.C.	M	L.C.	M	L.E.
M	L.G.	M	L.G.	CCSS
L.G.	L.C.	L.G.	CCNN	L.C.
L.E.	PLAS	E.F.	E.F.	MUS
R/ PC	L.E.	CCNN	CCCSS	CCNN

4º				
Luns	Martes	Mérc	Xoves	Venres
M	L.G.	M	M	L.C.
L.C.	R/ PC	L.G.	E.F	CCSS
CCNN	PLAS	CCSS	L.E.	L.G.
E.F.	L.E.	L.C	L.G.	M
CCSS	CCNN	L.E.	MUS	L.C.

5º				
Luns	Martes	Mérc	Xoves	Venres
L.E.	M	M	L.E.	L.G.
M	L.E.	R/ PC	L.C.	PLAS
CCSS	L.G,	L.C.	MUS	M
L.G.	L.C.	CCSS	L.G.	CCNN
E.F.	CCNN	E.F.	CCNN	L.C.

6º				
Luns	Martes	Mérc	Xoves	Venres
M	L.E.	L.C.	M	L.C.
E.F	E.F.	L.E.	L.G.	M
L.E.	M	R/ PC	L.C.	MUS
CCNN	L.G.	M	CCNN	L.G.
CCSS	CCNN	CCSS	L.E.	CCSS



## 7.4. Horario titores

<b>BEGOÑA FERRO GUNDÍN</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	G	G	G	G	G
2ª hora	GARDA	GARDA	G	G	GARDA
3ª hora	A.E.	G	GARDA	G	G
4ª hora	G	COOR	G	G	G
5ª hora	G	G	G	G	TL

<b>ROCÍO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	G	SECRE	SECRE	G	SECRE
2ª hora	GARDA	G	G	G	G
3ª hora	G	GARDA	G	G	COOR
4ª hora	SECRE	G	G	SECRE	G
5ª hora	G	G	G	G	G

<b>OFELIA RUBIO CAPÓN</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	G	G	A.E.	G	G
2ª hora	G	G	G	G	G
3ª hora	G	G	G	G	AP3anos
4ª hora	G	G	GARDA	G	GARDA
5ª hora	GARDA	GARDA	G	TL	G

<b>MÓNICA PÉREZ SOUTO</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	M	L.G.	M	M	L.C.
2ª hora	L.C.	PC	L.G.	COOR	CCSS
3ª hora	CCNN	PLAS	CCSS	GARDA	L.G.
4ª hora	COOR	PLAS 3º	L.C.	L.G.	M
5ª hora	CCSS	CCNN	GARDA	T.L.	L.C.

<b>MARÍA JESÚS ROUCO PÁJARO</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	L.C.	M	L.C.	M	GARDA
2ª hora	M	L.G.	M	L.G.	CCSS
3ª hora	L.G.	L.C.	L.G.	CCNN	L.C.
4ª hora	GARDA	GARDA	COOR	GARDA	AP4º
5ª hora	PC	TL	CCNN	CCCSS	CCNN



<b>BEGOÑA PADÍN RODRÍGUEZ</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	L.C.	GARDA	GARDA	L.G.	L.C.
2ª hora	M	L.C.	L.G.	M	L.G.
3ª hora	CCNN	M	M	AP2º	M
4ª hora	PC	CCNN	L.C.	CCNN	AP2º
5ª hora	GARDA	L.G.	CCSS	TL	CCSS

<b>MARÍA ISABEL CORTIÑAS CASTRO</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	M	GARDA	L.C.	M	L.C.
2ª hora	AP5º	COOR	GARDA	L.G.	M
3ª hora	GARDA	M	PC	L.C.	GARDA
4ª hora	CCNN	L.G.	M	CCNN	L.G.
5ª hora	CCSS	CCNN	CCSS	TL	CCSS

<b>MARÍA ESTRELLA BLANCO TABOADA</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	GARDA	M	M	AP6º	L.G.
2ª hora	M	GARDA	PC	L.C.	COOR
3ª hora	CCSS	L.G.	L.C.	GARDA	M
4ª hora	L.G.	L.C.	CCSS	L.G.	CCNN
5ª hora	GARDA	CCNN	TL	CCNN	L.C.

<b>JULIO ALBERTO ARIAS COUSO</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	DIRECC	M	DIRECC	M	DIRECC
2ª hora	M	L.G.	M	L.G.	AP2º
3ª hora	L.G.	DIRECC	L.G.	B/P	B/P
4ª hora	DIRECC	AP1º	B/P	DIRECC	AP5º
5ª hora	AP4º	B/P	AP3º	DIRECC	AP6º

### 7.5. Horario mestres especialistas

<b>LIVIA BARREIRO PÉREZ</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	X.E.	5º EI	X.E.	X.E.	X.E.
2ª hora	P.C.5º EI	4º EI	GARDA	AP 5º EI	BIBLIO
3ª hora	GARDA	X.E.	AP 5º EI	AP4º EI	5º EI
4ª hora	5º EI	AP 5º EI	AP 4º EI	AP6º EI	GARDA
5ª hora	6º EI	COOR	COOR	6º EI	4º EI



<b>MARÍA VÁZQUEZ GUERRA</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	AT. DIVER	AT. DIVER	AT. DIVER	AT. DIVER	GARDA
2ª hora	AT. DIVER	AT. DIVER	AT. DIVER	AT. DIVER	AT. DIVER
3ª hora	AT. DIVER	AT. DIVER	AT. DIVER	AT. DIVER	BIBLIO
4ª hora	AT. DIVER	COOR	AT. DIVER	AT. DIVER	AT. DIVER
5ª hora	AT. DIVER	AT. DIVER	TL	GARDA	GARDA

<b>LUCÍA LÓPEZ VÁZQUEZ</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	A.L.	IT	5º EI	IT	
2ª hora	A.L.	A.L.	A.L.	GARDA	
3ª hora	A.L.	6º EI	A.L.	A.L.	
4ª hora	A.L.	A.L.	A.L.	4º EI	
5ª hora	A.L.	TL	A.L.	GARDA	

<b>MARTA GUERRA LEDO</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	IT	ORI	GARDA		ORI
2ª hora	ORI	ORI	ORI		ORI
3ª hora	ORI	ORI	ORI		ORI
4ª hora	ORI	ORI	ORI		ORI
5ª hora	ORI	TL	GARDA		ORI

<b>SUSANA DIÉGUEZ VALLADARES</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	L.C.	M	L.C.	M	MUS 2º
2ª hora	M	L.G.	M	L.G.	M
3ª hora	L.G	GARDA	L.G.	MUS 5º	MUS 6º
4ª hora	GARDA	MUS 4º EI	MUS 6º EI	L.C.	MUS 3º
5ª hora	MUS 1º	GARDA	TL	MUS 4º	L.C.

<b>MARÍA DEL CARMEN FREIRE RODRÍGUEZ</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	GARDA	TL	6º EI		
2ª hora	5º EI	4º	5º		
3ª hora	4º EI	BIBLIO	6º		
4ª hora	1º	2º	IT		
5ª hora	3º	GARDA	IT		



<b>MARÍA JOSEFA LODOS VEIGA</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	L.C 3º	EF 1º	L.C. 3º	GARDA	E.F 5º EI
2ª hora	EF 6º	EF 6º	COOR	EF 4º	EF 4º EI
3ª hora	GARDA	L.C. 3º	GARDA	EF 1º	L.C. 3º
4ª hora	EF 4º	PC 2º	EF 3º	EF 3º	EF 6º EI
5ª hora	EF 5º	EF 2º	EF5º	EF 2º	TL

<b>NURIA SÁNCHEZ CALVO</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	5º	6º	1º	5º	3º
2ª hora	4º EI	5º	6º	COOR	5º
3ª hora	6º	5º EI	4º EI	4º	2º
4ª hora	3º	4º	2º	5º EI	1º
5ª hora	COOR	3º	4º	6º	TL

<b>EVA MARÍA TEJEIRO LAMELA</b>					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª hora	LC 2º	M 3º	LC 2º	M 3º	COOR
2ª hora	M 3º	LG 3º	M 3º	LG 3º	GARDA
3ª hora	LG 3º	CCSS 2º	LG 3º	CCNN 2º	L.E. 6º EI
4ª hora	PLAS 2º	GARDA	GARDA	LC 2º	CCSS 2º
5ª hora	CCNN 2º	L.E. 6º EI	CCSS 2º	PLAS 1º	TL

### 7.6. Disposición horaria do profesorado

<b>SUBSTITUCIÓNS</b>					
	<u>Luns</u>	<u>Martes</u>	<u>Mércores</u>	<u>Xoves</u>	<u>Venres</u>
<u>1ª hora</u>	MARI CARMEN ESTRELLA	SABELA BEGO P.	BEGO P. MARTA	MARÍA JOSÉ	CHUS MARÍA
<u>2ª hora</u>	ROCI BEGO F.	BEGO F. ESTRELLA	LIVI SABELA	LUCÍA	BEGO F. EVA
<u>3ª hora</u>	SABELA MARÍA JOSÉ LIVI	ROCI SUSANA	BEGO F. MARÍA JOSÉ	ESTRELLA MÓNICA	SABELA
<u>4ª hora</u>	CHUS SUSANA	EVA CHUS	OFELIA EVA	CHUS	OFELIA LIVI





## 8. Servizos complementarios

### 8.1. Comedor escolar

- Pertence á categoría C.
- Persoal laboral que atende o servizo:

Cociñeiro: Pablo López Trashorras.

Dúas axudantes de cociña: Ana M<sup>a</sup> García Negro e María de los Ángeles Sánchez Rey.

- O número total de alumnos usuarios do comedor é de 149.
- En canto ao persoal colaborador, ata que se celebre o Consello Escolar o 16 de outubro continuarán os que estaban o ano pasado.

No Consello Escolar indicado anteriormente, para a elección dos 7 membros que pasarán a ser colaboradores/as de comedor, tómase como criterio os días de servizo no ano anterior: elixíranse da lista as persoas que non estiveron no comedor o ano pasado; a continuación, as que estiveron menos de 36 días; por último, realizarase un sorteo entre as demais. Quedarán como substitutas as restantes.

No protocolo de comedor están recollidas as normas xerais de funcionamento e organización do comedor escolar.

### 8.2. Transporte escolar

A garda e custodia do alumnado transportado no tempo anterior e posterior á xornada lectiva e ata que chegan ou abandonan o centro no transporte, será realizada en quendas de tres mestres/as por día.

Estableceranse quince minutos de entrada ao centro para todo o alumnado de 09:30 a 09:45, de xeito que a incorporación sexa progresiva.

O alumnado transportado terá prioridade para acceder ao centro.

O **alumnado** empregará a porta peatonal para acceder ao centro, unha vez dentro do recinto situarase na zona habilitada na pista cuberta. Cada curso colocarse na ringleira correspondente.

Farase unha entrada ao edificio de xeito escalonado, empezando por 6<sup>o</sup> curso de educación primaria e rematando polo 4<sup>o</sup> curso de educación infantil. No acceso empregárase sempre a porta dereita do porche, seguindo o sentido de



circulación marcado. Neste momento, cada curso será acompañado por un mestre ou mestra ata a súa aula.

Ás 16h sairá o alumnado transportado, de xeito escalonado por rutas.

Na saída empregárase sempre a porta esquerda do porche.

## 9. Formación do profesorado

Considérase a formación do profesorado como un puntal básico para garantir un ensino de calidade, polo que en todo momento se favorecerá a formación:

- Facilitando información dos cursos organizados polo CEFORE como por outras institucións.
- Favorecendo e propiciando a solicitude de grupos de traballo no centro.
- Promovendo sesións de asesoramento internas.

Durante o curso 2023/24 o profesorado realizará un Plan de formación cunha liña de traballo centrado en “*Polos creativos*” e outra en “*traballo por proxectos*”.

## 10. Plan de Autoprotección

O Plan de Autoprotección será revisado durante o presente curso para poder reflectir nos planos de evacuación a nova distribución dos despachos da planta baixa.

Intentarase realizar un simulacro de incendio durante o terceiro trimestre.

## 11. Avaliacións

### 11.1. Avaliación do alumnado

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continuada, global, formativa e integradora de todas as áreas e teranse en conta todos os elementos que compoñen o currículo. Tan pronto como se detecten dificultades na aprendizaxe adoptaranse medidas de reforzo educativo pertinentes. As datas de avaliación do alumnado serán:



- 1ª avaliación:
  - 11 de decembro: educación infantil
  - 12 de decembro: 1º, 2º e 3º curso de educación primaria
  - 13 decembro. 4º, 5º e 6º curso de educación primaria
  - Entrega de boletíns: 20 de decembro
- 2ª avaliación:
  - 11 de marzo: educación infantil.
  - 12 de marzo: 2º, 3º e 1º curso de educación primaria.
  - 13 de marzo: 5º, 6º e 4º curso de educación primaria
  - Entrega de boletín: 21 de marzo
- 3ª avaliación e avaliación ordinaria:
  - 24 de xuño.
  - Entrega de boletíns: 26 de xuño

### **11.2. Avaliación da PXA**

O Claustro revisará a Programación Xeral Anual para proceder á súa valoración e axustar os obxectivos e demais contidos si fora preciso, para logo presentala ao consello para a súa aprobación.

Ao remate de cada curso recollerase na Memoria de fin de curso a avaliación dos distintos aspectos da PXA, consecución de obxectivos, dificultades, medidas a ter en conta para o próximo curso,...

## **12. Plan de convivencia**

Actualizarase ao longo do mes de outubro as NOFC, tendo en conta a normativa vixente e darase a coñecer a toda a comunidade educativa.

En caso de que sexa preciso crearase unha aula de convivencia á que se remitirá ao alumnado con condutas contrarias ás normas de convivencia do centro escolar. Permanecendo nesta aula ata que cese a actitude que provocou dito feito, sendo acompañado por un mestre ou mestra de garda. Este espazo estará habilitado con material para procurar a relaxación do alumnado. Todo o proceso quedará rexistrado polo profesorado nun “libro de incidencias” que se atopará na aula.

**13.Libros de texto e material didáctico impreso.**

<b>RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO CURSO 2023/2024</b>	
Código de centro : 27014070	
Denominación do centro: CEIP Plurilingüe Palas de Rei	
Enderezo: Praza da Ulloa s/n	Concello : Palas de Rei
Provincia: Lugo	
Correo electrónico : <a href="mailto:ceip.palas.rei@edu.xunta.gal">ceip.palas.rei@edu.xunta.gal</a>	Teléfono :
982870627	

<b>CURSO E ETAPA</b>	<b>ÁREA / MATERIA</b>	<b>TÍTULO, AUTOR, EDITORIAL E ANO DE PUBLICACIÓN</b>	<b>ISBN</b>	<b>LINGUA EDICIÓN</b>
<b>4º Educación Infantil</b>				
<b>5º Educación Infantil</b>				
<b>6º Educación Infantil</b>				
<b>1º Educación Primaria</b>				
1º PRIMARIA	LINGUA GALEGA	CADERNO LINGUA GALEGA E LITERATURA 1. FANFEST! TAMBRE EDELVIVES	9788490464236	G
1º PRIMARIA	LINGUA CASTELÁ	1-1 PRI CUADERNO LENGUA PAUTA CONSTRUYENDO MUNDOS 2023 SANTILLANA	9788414407981	C.
1º PRIMARIA	LINGUA CASTELÁ	1-2 PRI CUADERNO LENGUA PAUTA CONSTRUYENDO MUNDOS 2023 SANTILLANA	9788414407974	C.
1º PRIMARIA	LINGUA CASTELÁ	1-3 PRI CUADERNO LENGUA PAUTA CONSTRUYENDO MUNDOS 2023 SANTILLANA	9788414407936	C.
1º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	1-1 PRI CUADERNO MATEMÁTICAS CONSTRUYENDO MUNDOS 2022 SANTILLANA	9788468071268	C.
1º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	1-2 PRI CUADERNO MATEMÁTICAS CONSTRUYENDO MUNDOS 2022 SANTILLANA	9788468071336	C.
1º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	1-3 PRI CUADERNO MATEMÁTICAS CONSTRUYENDO MUNDOS 2022 SANTILLANA	9788468071176	C.
1º PRIMARIA	RELIXIÓN C.	RELIXION CATOLICA - ANAYA, 2022 – GALICIA	9788469897362	G.
<b>2º Educación Primaria</b>				
2º PRIMARIA	RELIXIÓN C.	RELIXION CATOLICA - ANAYA – GALICIA	9788469897409	G.
2º PRIMARIA	MÚSICA	2 PRI MÚSICA TIROLIRO. 2021. AUTOR: EQUIPO EDITORIAL. EDITORIAL OBRADOIRO	9788491853671	G.
<b>3º Educación Primaria</b>				



3ºPRIMARIA	LINGUA GALEGA	3EP LINGUA (GAL) 22. EDITORIAL SM	9788498548730	G.
3ºPRIMARIA	LINGUA CASTELÁ	3EP LENGUA CASTELLANA-REV 22. EDITORIAL SM	9788413924830	C.
3ºPRIMARIA	MATEMÁTICAS	3 EP MATEMÁTICAS 22. EDITORIAL SM	9788419098153	C.
3º PRIMARIA	INGLÉS	GO FAR! 3 STUDENT'S BOOK / RICHMOND	9788466836555	
3ºPRIMARIA	INGLÉS	GO FAR! 3 ACTIVITY BOOK / RICHMOND	9788466836630	
3ºPRIMARIA	RELIXIÓN C.	RELIXION CATOLICA - ANAYA – GALICIA	9788414301838	G.
<b>4º Educación Primaria</b>				
4º PRIMARIA	LINGUA CASTELÁ	LENGUA CASTELLANA REVUELA 23	9788498561654	C
4º PRIMARIA	LINGUA GALEGA	LINGUA REVOA 23	9788419101495	G.
4º PRIMARIA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS REVUELA 23	9788498562095	C.
4º PRIMARIA	INGLÉS	GO FAR! 4 STUDENT'S PACK / RICHMOND	9788466836562	
4º PRIMARIA	INGLÉS	GO FAR!4 ACTIVITY PACK. /RICHMOND	9788466836647	
4º PRIMARIA	RELIXIÓN C.	<b>RELIXIÓN C.</b> ANAYA-GALEGO-	9788414321706	G.
<b>5º Educación Primaria</b>				
		Proxecto E-Dixgal (Libro dixital)		
<b>6º Educación Primaria</b>				
		Proxecto E-Dixgal (Libro dixital)		

## 14. Programas e proxectos

### 14.1. Proxecto Vida Activa e Deportiva

#### 1.INTRODUCCIÓN

O proxecto Deportivo de Centro é o instrumento de planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas de fomento da actividade física. É necesario que o alumnado leve unha vida activa, que incremente a carga de actividade física realizada tanto dentro coma fora do centro escolar. Nunha sociedade tan sedentaria coma actual é necesario conseguir unha condición física máis saudable e adoptar uns hábitos de vida máis activos.

O exercicio físico proporciona un mellor funcionamento do corazón, fortalece os ósos, favorece o desenvolvemento muscular, axuda a controlar o estrés, facilita o descanso e o sono, mellora o desempeño intelectual, mellora o estado anímico e a autoestima, axuda a integrarse, a adquirir normas, a confiar nun mesmo, contribúe a inculcar valores coma o respecto, a tolerancia, a constancia;



Polo tanto, o deporte / actividade física ofrécenos unha serie de beneficios que debemos aproveitar.

O noso proxecto trata de axustarse á nosa realidade, para que se poda aplicar axeitadamente. Garantirá que todas as actividades deportivas que realicen os alumnos/as teñan un carácter eminentemente educativo . Debemos aproveitar a actividade física, o deporte como un excelente medio para educar persoas.

É imprescindible fomentar no noso alumnado a práctica de actividade física a diario e que adquira uns hábitos saudables de vida (boa alimentación, hixiene¿).

É un obxectivo que nos debemos propoñer na sociedade na que nos atopamos, marcada polo sedentarismo, pola pouca práctica de actividade física dos nenos/as xa que dedican moitas horas ás novas tecnoloxías; prodúxose un incremento das taxas de obesidade.

En definitiva, toda a comunicade educativa (familia, mestres/as, alumnado ) implicarase neste proxecto .

## **2.OBXECTIVOS**

Converter o centro educativo nun espazo dinamizador e promotor de actividade física e hábitos de vida saudables.

Mellorar a nosa condición física e adoptar uns hábitos de vida máis activos.

Afianzar hábitos deportivos saudables no alumnado de tal xeito que a necesidade de practicar deporte se estenda máis alá da idade escolar.

Promover a educación en valores a través do potencial educativo do deporte / actividade física.

Dar información e asesoramento ao alumnado e as familias de como incorporar no seu día a día a actividade física, o deporte¿

Loitar contra o sedentarismo, a obesidade¿ creando hábitos que perduren no alumnado fóra do horario lectivo.

Desenvolver unha formación integral da persoa na que se contemplan todas as súas capacidades: motrices, cognitivas, sociais e afectivas, mediante a participación en diferentes e variadas actividades deportivas.

Adaptar a práctica da actividade física e o deporte, ás finalidades e necesidades da etapa de primaria.

Ofrecer unha actividade física e deportiva inclusiva.



### 3.ACTIVIDADES

#### ÁMBITO TEMPORAL 1: FORA DO HORARIO LECTIVO E FÓRA DO CENTRO

1. EN VACACIÓNS SEGUIMOS MOVÉNDONOS : DECEMBRO(NADAL),ABRIL(SEMANA SANTA) E VERÁN. DIRIXIDA A TODO O ALUMNADO

Proposta de actividades variadas:bailes,rutinas ,retos ,xogos, co fin de non perder os hábitos de practicar actividade física durante os períodos vacacionais ou en época del mal tempo.

2. ACTIVIDADE FÍSICA EN FAMILIA: ABRIL. TODO O ALUMNADO.

Con motivo da celebración do Día Mundial da Actividade Física ( 6 de abril) propónse unha exposición fotográfica sobre a realización dunha actividade física con algún membro da súa familia.

3. XOGAMOS CO QUE RECICLAMOS :XUÑO.TODO O ALUMNADO

Actividade que promove a reciclaxe e a reutilización de materiais de refugallo para a elaboración dos seus propios xoguetes con motivo da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente (6 de xuño).

#### AMBITO TEMPORAL 2 : DENTRO DO HORARIO LECTIVO E DENTRO DO CENTRO

1. RECREOS ACTIVOS : TODO O CURSO.DIRIXIDA A TODO O ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Organización dos xogos nos recreos mediante un calendario semanal para os cursos de 1º,2º e 3º e organización libre ,segundo preferencias por cursos para 4º,5ºe 6º tratando de que compartan material ,espazos de xogo e respecten normas de distintos xogos dentro do mesmo espazo.

2. CAMPIONATO DE PEÓNS: NOVEMBRO.ALUMNADO DE PRIMARIA E 6º DE EDUCACION INFANTÍL

Coincidindo coa celebración do Magosto levarase a cabo o tradicional campionato no que haberá trofeo para o gañador de 1º,2º e 3º ,outro para o gañador de 4º,5º e 6º e medallas para os finalistas de cada curso.Haberá tamén diferentes modalidades de lanzamento segundo eses agrupamentos.



3. CARREIRA SOLIDARIA: XANEIRO.TODO O ALUMNADO

Celebraremos o día da Paz (30 de xaneiro) cunha carreira solidaria na que haberá diferentes recorridos segundo as idades dentro da pista do colexio.

4. PING-PONG: MARZO.ALUMNADO DE 3º,4º,5º e 6º

Durante ese mes participarán nos recreos nunha liguilla de ping pong segundo as regras adaptadas co fin de que poidan participar a maioría dos alum@s deses cursos.Establecerase un calendario para que poidan practicar nos recreos durante os meses de decembro,xaneiro e febreiro.

5. CIRCUITO DE EDUCACIÓN VIAL: XUÑO.TODO O ALUMNADO

O alumnado familiarizarase coas normas de circulación e coas sinais de tráfico conducindo os seus propios vehículos nun circuíto deseñado na pista do colexio.

6. UN MES UNHA ANDAINA: TODO O CURSO.ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Con esta actividade preténdese que todos os cursos ,unha vez ao mes ,realicen unha andaina pola contorna próxima ao colexio e sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

AMBITO TEMPORAL 3: DENTRO DO HORARIO LECTIVO E FÓRA DO CENTRO

1. NOVAS EXPERIENCIAS : DURANTE TODO O CURSO.ALUMNADO DE PRIMARIA

Esta actividade consiste en participar nas actividades que vaian surxindo durante o curso e que se consideren relacionadas cos obxectivos da programación e asimesmo axeitadas en canto á idade e motivación dos alum@s: participación en convivencias,deportes inclusivos,deportes alternativos...

2. ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL:MAIO.ALUMNADO DE PRIMARIA

Con este tipo de actividade preténdese que adquiran habilidades diferentes as habituais en medios diferentes os habituais como:escalar,deslizarse,remar,nadar,orientación. Estas saídas son sempre moi motivadoras.





## AMBITO TEMPORAL 4: FÓRA DO HORARIO LECTIVO E DENTRO DO CENTRO

### 1. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA. TODO O CURSO .TODO O ALUMNADO

Son actividades variadas e relacionadas con distintos deportes e modalidades deportivas: xudo, patinaxe, ximnasia rítmica, baloncesto, etc.

### 4. METODOLOXÍA

Empregaremos métodos que sexan globais e lúdicos, activos, que favorezan que os nenos/as cooperen, progresen ao seu ritmo acadando cada vez máis autonomía, sendo protagonistas da súa propia aprendizaxe.

### 5. AVALIACIÓN

Realizaremos unha avaliación continua e global.

Como instrumentos empregaremos rúbricas para algunhas actividades, a observación sistemática (escalas de observación).

Para saber se o alumnado chegou á consecución dos obxectivos e contidos traballados nas propostas mencionadas anteriormente, empregaremos os seguintes estándares de aprendizaxe:

Mellora a súa condición física.

Adopta uns hábitos de vida máis activos.

Adquire a necesidade de practicar actividade física fora do horario lectivo.

Amosa valores, actitudes adquiridas coa práctica do exercicio físico.

#### 14.2. Plambe

Continuamos por terceiro ano consecutivo formando parte do **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares**, e por segundo ano nas modalidades de *Radio na biblio*, *biblioteca creativa e lectura e familias*.

No apartado 5.3.2 *Plan anual de lectura* recóllese toda a información necesaria relativa á biblioteca escolar.



### **14.3. Proxecto Voz Natura**

No presente curso continuaremos avanzando no coñecemento do entorno máis próximo. Desta volta, centraremos o traballo na sostibilidade. Así, as actividades a realizar irán encamiñadas cara a dúas liñas de traballo:

- A horta como medio para interiorizar un estilo de vida sostible (a compostaxe, a sementeira, o plantado, o coidado e a colleita).
- Os tres “R” (Reducir, Reutilizar, Reciclar) nas dinámicas diarias do centro.

Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:

- Concienciar o alumnado da importancia de preservar o entorno desde un punto de vista do ecoloxismo e a sostibilidade.
- Aprender a comer san a través da participación activa nas tarefas de plantado.
- Aprender a consumir de xeito responsable.
- Concienciar da importancia de, por unha banda, reducir o consumo de elementos contaminantes (plásticos, etc) e, pola outra, ampliar os usos de ditos elementos para evitar tiralos ao lixo.

### **14.4. Proxecto Documental Integrado: *Capitán planeta*.**

Ao longo do curso 2023 – 2024 desenvolveremos un Proxecto Documental Integrado que terá como eixe central os catro elementos naturais, de xeito que no primeiro trimestre traballaremos o aire, no segundo trimestre a terra e o lume e no terceiro trimestre a auga.

As actividades e temporalización é a seguinte:



<b>1º TRIMESTRE : AIRE</b>	
Poñer en marcha a caseta meteorolóxica	Data: antes do 6/10
Facer un rexistro meteorolóxico.  (facilitarase unha folla de recollida de información e rexistro a cada aula e os rexistros quedarán expostos nun lugar habilitado para o mesmo)	Cada semana unha clase encargárase de facer o rexistro: <ul style="list-style-type: none"><li>• Semana do 9 ao 13 de outubro -6º EP</li><li>• Semana do 16 ao 20 de outubro- 5º EP</li><li>• Semana do 23 ao 27 de outubro -4º EP</li><li>• Semana do 30/10 ao 3/11 - 3º EP</li><li>• Semana do 6/11 ao 10/11- 2º EP</li><li>• Semana do 13/11 ao 17/11- 1º EP</li><li>• Semana do 20/11 ao 24/11- 6º EI</li><li>• Semana do 27/11 ao 01/12- 5º EI</li><li>• Semana do 11/12 ao 15/12- 4º EI</li></ul>
Creación da mascota do proxecto. ( Nas titorías, cada alumno/a realizará un debuxo libre da mascota do proxecto. Unha comisión seleccionará un deles. Proporcionarase plantilla.	Data límite de entrega: 13 de outubro.
Mural fotográfico con fotografías relacionadas co aire e a sostibilidade.	As fotos serán enviadas polas familias. Data límite 31 de outubro 2023
Charla ou obradoiro relacionado con este tema	Pendente de concretar
Programa de radio sobre o traballado neste primeiro trimestre	Data límite : 5 de decembro 2023
Elaborar un dosier por aula sobre a fauna que podemos atopar no aire. Proporcionarase plantilla.	Data límite : 5 de decembro 2023
<b>2º TRIMESTRE: TERRA E LUME</b>	
Mural fotográfico con fotografías relacionadas coa terra, o lume e a sostibilidade.	As fotos serán enviadas polas familias. Data límite 31 de xaneiro 2024
Charla ou obradoiro relacionado con este tema	Pendente de concretar



Programa de radio sobre o traballado neste segundo trimestre	Data límite : 7 de marzo 2024
Elaborar un dossier por aula sobre a fauna terrestre. Proporcionarase plantilla.	Data límite : 7 de marzo 2024
<b>3º TRIMESTRE: AUGA</b>	
Mural fotográfico con fotografías relacionadas coa auga e a sostibilidade.	As fotos serán enviadas polas familias. Data límite 30 de abril.
Charla ou obradoiro relacionado con este tema	Pendente de concretar
Programa de radio sobre o traballado neste terceiro trimestre.	Data límite : 6 de xuño 2024
Elaborar un dossier por aula sobre a fauna marina. Proporcionarase plantilla.	Data límite : 6 de xuño 2024
Convivencia de todo o centro na praia	Mes de xuño

#### **14.5. Plurilingüismo.**

No curso 2023 – 2024 impártese a área de educación plástica e visual de 1º a 6º de Educación Primaria en lingua estranxeira (inglés).

No 1º, 2º e 3º nivel de primaria o centro é plurilingüe e de 4º a 6º conta con sección bilingüe na área citada.

Na etapa de educación infantil o centro incorpórase ao programa pluriinfantil.

Eva Teijeiro Lamela imparte plástica en 1º, 2º; Mónica Pérez Souto en 3º e 4º; Nuria Sánchez Calvo en 5º e 6º.

De outubro a maio contamos con auxiliar de conversa.

#### **14.6. Proxecto Polos creativos.**

A idea deste proxecto é que axude a continuar convertendo o centro nun viveiro de innovación educativa.

O noso obxectivo é proporcionarlle ao alumnado unha verdadeira educación integral apoiándonos en metodoloxías activas, prácticas, contextualizadas, innovadoras, inclusivas e motivadoras para o alumnado. Axudaranos a enriquecer o proceso de ensino - aprendizaxe no día a día, así coma os proxectos de centro.



A aprendizaxe competencial, que o alumnado aprenda a aprender, que constrúa o seu propio coñecemento, que manipule, que investigue... serán os piares esenciais da nosa ruta de traballo.

**Aproveitamos os seguintes recursos:** estudo de radio, set croma, espazo para a robótica, espazo fedelleiro, espazo para xogos de lóxica, razoamento, creatividade, mesa de luz, lapis 3D, impresora 3D, máquina de chapas, máquina de coser, kit de e-textiles....

Impartirase, cando menos, unha sesión semanal de polos creativos en todos os niveis de infantil e primaria.

## 15. Escola de nais e pais

Durante este curso crearase a escola de nais e pais co obxectivo de reunirse mensualmente para intercambiar opinións, realizar sesións formativas en diferentes temáticas...

O itinerario formativo para o curso 2023 – 2024 é o seguinte:



# Escola de nais e pais

## Itinerario formativo

Na Casa da Cultura ás 17:00 horas

23 outubro

EDUCACIÓN EMOCIONAL.  
*Imparte: Pilar Porral (Coeduca)*

20 novembro

EDUCACIÓN EN IGUALDADE.  
*Imparte: Pilar Porral (Coeduca)*

18 decembro

VIDEOXOGOS E REDES SOCIAIS.  
*Imparte: Pilar Porral (Coeduca)*

29 xaneiro

ACOSO.  
*Imparte: Pilar Porral (Coeduca)*

26 febreiro

DISCIPLINA POSITIVA. Parte I  
*Imparte: Natalia Somoza (Colocrianzas)*

18 marzo

DISCIPLINA POSITIVA. Parte II  
*Imparte: Natalia Somoza (Colocrianzas)*

22 abril

DISCIPLINA POSITIVA. Parte III  
*Imparte: Natalia Somoza (Colocrianzas)*

27 maio

DISCIPLINA POSITIVA. Parte IV  
*Imparte: Natalia Somoza (Colocrianzas)*

10 xuño

SESIÓN FINAL.  
Valoración.

Nas datas sinaladas o alumnado poderá facer uso da Ludoteca Municipal de xeito gratuíto, no tempo que dure a actividade.  
IMPRESINDIBLE INSCRICIÓN PREVIA NO CONCELLO.

ORGANIZA:  
Ceip Plurilingüe Palas de Rei.

COLABORAN:



ANPA  
ULLOA





## 16. Programación de actividades organizadas pola ANPA

### RELACIÓN DE ACTIVIDADES, OBRADOIROS, CHARLAS EVENTOS E ACTUACIÓNS PREVISTAS PARA O CURSO 2023/2024

Este é un resumo dos proxectos que levaremos a cabo durante este curso 2023/2024. Seguro que non serán as únicas pero son as programadas ata agora.

1. As actividades extraescolares que se levarán a cabo no curso 2023-2024 para as nenas e nenos son as seguintes:

- PATINAXE
- JUDO
- DEBUXO E PINTURA
- PERCUSION
- BALLET
- XIMNASIA RITMICA
- BALONCESTO
- ZUMBA

Realizándose unha exhibición das mesmas a final de curso.

2. No meses de outubro e novembro e grazas ao Programa “Da escola á granxa” da Deputación Provincial de Lugo as nenas e os nenos de primaria realizarán unha saída a unha granxa escollida polos seus titores entre as ofertadas na subvención. Así:

- Os nenos de infantil irán o 30 novembro Galletas Daveiga en Chantada.
- Primeiro e segundo de primaria irán o día 17 de novembro ao Pazo Vilane en Antas de Ulla
- Terceiro e cuarto de primaria irán o día 13 de outubro a Muvicla en Láncara
- Quinto e sexto de primaria realizarán a saída o día 27 de outubro



tamén a Muvicla en Láncara.

- 3.** Grazas á subvención que nos concedeu a Xunta de Galicia destinada á promoción da igualdade entre homes e mulleres e a prevención e loita contra a violencia cara ás mulleres colaboramos co colexio na creación da “Escola de familias en igualdade da Anpa A Ulloa de Palas de Rei” con charlas sobre educación emocional, educación en igualdade, videoxogos e redes sociais e acoso escolar, taller de teatro,... que serán para pais e nais e pero tamén algunha delas para o alumnado.
  
- 4.** Colaboración co CEIP e co concello para a realización da festa de fin de curso ca cesión dos inchables que o concello abona todos os anos para a realización da festa do ANPA a disposición do CEIP e en horario lectivo para que todos os nenos (independentemente de que sexan socios ou non do ANPA) poidan desfrutar deles.





## **CERTIFICACIÓN PARA FACER CONSTAR QUE**

A presente PXA, para o curso 2023/24, foi informada polo Claustro celebrado o día 16 de outubro de 2023, e aprobouna o Consello Escolar, por unanimidade, en reunión celebrada o día 16 de outubro de 2023.

Palas de Rei, a 16 de outubro de 2023.

Vº e Prace

O Director,

A secretaria,

Asdo.: Julio Alberto Arias Couso

Asdo.: Rocío Fernández Fernández